

sarria

BNG e PP mostran a súa preocupación pola situación na que se atopa o matadoiro. **Páx. 2**

láncara

Aprobouse no pleno a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal. **Páx. 14**

paradela

O municipio acolleu a XXIX Festa dos Avós do Concello de Paradela. **Páx. 18**

o incio

Aproban un convenio para crear iniciativas no encoro de Vilasouto. **Páx. 18**

samos

Constitúese o Obradoiro Benito Feijoo cos seus primeiros oito membros. **Páx. 20**

A cultura, no centro

Sarria acolle unha gran programación cultural, con moitas actuacións teatrais, durante os tres últimos meses deste ano 2024



A oposición fala: o PSOE de Triacastela

Miguel Ángel Fernández leva no PSOE desde o ano 1987, e foi alcalde 12 anos. **Páx. 15**

A Deputación pide atención á educación

O Pleno reclama á Xunta que resolva a falta de profesorado e a gratuidade dos libros de texto. **Páx. 21**

Mercedes Vázquez




A fotografía mostra labores tradicionais representados por mulleres e homes. **Páx. 8**

Pura López



No seu libro 'La niña que quería ser pájaro', fala da vida no Páramo. **Páx. 16-17**

Carme López



"A música tradicional vai máis alá, ten relación con como vives". **Páx. 19**

I Open do Camiño Vila de Sarria

Álex Losada, da AC Taekwondo Sarria, e o Concello de Sarria organizan o evento deportivo. **Páx. 23**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

Novos artistas súmanse ao cartel do Esmorga Fest



O Festival Esmorga Fest, que se celebrará os vindeiros 25 e 26 de outubro, suma novos artistas e grupos de música. O evento de música *indie* celebrará a súa novena edición, coa primeira xornada na sala Litmar e a segunda, o sábado, na Sociedade La Unión e á noite na Sala Litmar, onde rematará o evento.

Os artistas e grupos confirmados son Atención Tsunami, Ghostwoman, Los Manises, Máquina, Músculo!, Mourn e Perro, Carmela, Cora Yako, El Chico López, Nudozurdo, Terrae djs, Terror Erótico Adolescente, Triángulo de Amor Bizarro, Bernal, Ezpalak, Jor Ginho, Schulz dj, Sutan e Tristán dj.

Meigas e Tragos pon en marcha unha nova actividade

A Asociación Cultural Meigas e Tragos organiza un novo obradoiro de costura tradicional durante o último trimestre do ano coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo na súa área de Cultura. Desta maneira, do 8 de outubro ao 19 de decembro, todas as persoas que queiran aprender sobre costura para arranxar prendas de roupa,

trapos e demais telas, poderán apuntarse chamando ao 639 974 587 ou ao 693 863 171 ou no correo directiva@meigasetragos.gal. Así, desde a asociación animan á veciñanza á participación na actividade. As clases serán impartidas os martes e xoves de 19.00 a 21.30 horas, co fin de que poida ser compatible co traballo das persoas participantes.

O BNG e o PP critican a situación do matadoiro municipal

O BNG de Sarria mostra a súa preocupación polo futuro do matadoiro municipal, despois de ter coñecemento dunha reunión a que convocou o alcalde Claudio Garrido a representantes do sector cárnico, na que xustificou as dificultades de xestión do matadoiro e a necesidade de inversión para o seu mantemento, insinuando que dita instalación estaba abocada ao peche.

Ante este discurso, no BNG "consideramos que o que fai falta é traballo e xestión para manter en funcionamento o único matadoiro que existe en toda a comarca de Sarria. A nosa comarca é unha comarca eminentemente gandeira, polo tanto, un servizo como este é esencial", explican. Efrén Castro, portavoz do BNG, mostrouse preocupado ante esta situación: "Hai tempo que nos preocupa a actitude do señor Garrido, e esta reunión convocouna para tratar de xustificar o peche do matadoiro municipal", sostén.

Castro afirmou que o matadoiro é esencial non só para Sarria, senón que para toda a comarca e manifestou que "somos conscientes da dificultade de xestión e a necesidade de inversión que ten o matadoiro, pero ante isto o que fai falta é traballo e dotar orzamentariamente as inversións necesarias".

Así, finalizou asegurando que "dende o BNG imos facer todo o que estea nas nosas mans para evitar que Camiña Sarria peche



o matadoiro; somos un Concello gandeiro e nós imos estar do lado do sector. Dende o BNG de Sarria levaremos a cabo diferentes accións para loitar por un servizo tan necesario para a nosa vila", concluíu.

OPINIÓN DOS POPULARES. Os concelleiros do PP de Sarria consideran "inaceptable" que o servizo do matadoiro municipal continúe pechado "máis dun mes despois dunha suposta avaría que o goberno local non foi capaz de solucionar". E máis tendo en conta "o importante prexuízo que o peche está a ocasionar aos usuarios que se ven na obriga de desprazarse a outros matadoiros", segundo advirten os populares.

O Grupo do Partido Popular expón que "ou ben estamos ante unha xestión pésima, ou ben é unha mera escusa para xustificar o peche do servizo, algo que xa deslizou o rexedor en varias ocasións". En calquera dos casos, os populares cren que "a situa-

ción require que a concelleira responsable e o propio alcalde dean a cara para dar as explicacións necesarias en lugar de botar balóns fóra".

A portavoz popular, Carmen José López, condena que "continúemos sen unha previsión seria en relación á recuperación da actividade" o que "pon de manifesto de novo a incapacidade para facer funcionar un servizo que pode ser perfectamente viable".

"Esta situación, sumada ao burato de 200.000 euros nas arcas públicas de diñeiro do matadoiro, evidencian unha desastrosa xestión do matadoiro municipal por parte deste goberno local", sinalan dende o PP.

Xusto antes de destaparse o burato de 200.000 euros, o goberno de Camiña Sarria xa intentara desfacerse do servizo do matadoiro ao principio do mandato. "Con esta suspensión confírmase o desinterese do goberno local respecto do servizo", conclúen.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

A Casa da Cultura acolle a Mostra de Teatro Iván Tourón Morais

Volveu a Mostra de Teatro Iván Tourón Morais a Sarria con 10 representacións teatrais que se desenvolverán na Casa da Cultura co apoio do Concello de Sarria, a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo.

Nesta edición, organízase, ademais das propias escenificacións, un premio para as persoas que asistan a un mínimo de 4 obras, entrando así no sorteo dunha subscripción de tres meses ao centro deportivo e de saúde de Sarria ou gañar un lote de libros. A programación, que comezou o 20 de setembro, segue en outubro coas obras 'Os contos clásicos da tía Carolina' da Compañía



Valverde, que será representada o venres 11 ás 17.30 horas; a obra 'O achado do Castro' da Compañía Os Pinchacarneiros, que terá lugar o domingo 13 ás 20.00 horas; a obra 'Jane e Rachel'

da Compañía Trémola Teatro o venres 18 ás 17.30 horas; e 'Quen o diría' da compañía Charamela Teatro, que será representada o domingo 20 de outubro ás 20.00 horas.

Rebuldeira Teatro presenta o seu programa teatral para o resto do ano

A asociación e colectivo dedicado ao teatro de Sarria, Rebuldeira Teatro, vén de anunciar a programación das súas actuacións nos meses de outubro, novembro e decembro para que as persoas interesadas poidan ir ver á agrupación actuar. En outubro comezarán a xira en Ferrol o día 13, no que representarán Cita previa ás 19.00 horas. O día 18 de outubro estarán en Paradela, representando Os vellos non deben de namorarse ás 19.00 horas. O día 19 estarán á mesma hora e representando a mesma obra en Bóveda e o día 20 en Samos. Finalmente, o día 26 estarán en Corcubión ás 19.30 horas repre-



sentando Cita previa.

En novembro, Rebuldeira Teatro empezará o día 2 en Ponteume representando Os vellos non deben de namorarse ás 19.00 horas e logo seguirá en Monterroso o día 9 ás 20.00 horas e o

día 17 a Sarria, onde tamén representará esa mesma obra ás 20.00 horas.

Finalmente, en decembro, o día 8, estarán en Friol ás 17.00 horas coa súa obra Os vellos non deben de namorarse.

O servizo Sarria Concilia vén de ser adxudicado



O servizo Sarria Concilia vén de ser adxudicado á empresa A Billarda S.L. por un importe de 193.468 euros e cun prazo dun ano de execución, no que se levarán a cabo as actividades de conciliación escolar, ludotecas de verán, Nadal e Semana Santa. Esta conciliación desenvolverase nos colexios Frei Luis de Granada, e Antonio Fernández López de Oural e na Escola In-

fantil Xela Arias, así como nos períodos non-lectivos terá lugar no Frei Luis de Granada e no IES Gregorio Fernández.

A empresa adxudicataria deberá subrogar a once traballadores, un coordinador e dous monitores a xornada completa, así como outros oito monitores a xornada completa, un auxiliar de cociña e unha persoa de limpeza.

A Asociación Cultural Peleriños programa novas aulas con actividades para este curso

Desde a Asociación Cultural Peleriños informan das novas aulas para adultos e para os máis pequenos ás que as persoas interesadas xa se poden apuntar para este curso 2024-2025.

Desta forma, desde a asociación ofértanse diferentes actividades relacionadas coa música en diferentes días da semana e horarios a partir de mediados de outubro. "Este ano dobramos os horarios en varias aulas, tanto infantís como de adultos, debido á gran

demanda que temos", explican. Así, as aulas para adultos serán os martes, con clases de canto e pandeireta ás 18.30 horas e ás 19.30 horas con baile; os mércores, con costura 'trad'; os venres, con baile ás 20.00 horas; e os sábados, con gaita e percusión ás 18.30 horas.

Pola súa parte, as aulas infantís serán os venres con dúas actividades: ás 17.00 horas terá lugar gaita e percusión e ás 19.00 horas terá lugar a actividade de baile.

TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA

Rebolal - Leal

CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Nº Reg. Sanc C-27-001193

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria - Lugo / Tel.. 634 406 084

“A música non é música se non transmite sentimento”

O Coro Sarricanta, dirixido por Ascensión Romero, será un dos protagonistas da Festa do Rosario que se celebrará o vindeiro 12 de outubro en Sarria

O Coro Sarricanta fórmase en 2003 despois de que un grupo de persoas que formaban parte do coro da Asociación Cultural Donicela decidiran crear un coro pola súa conta. “A partir de aí decidimos xuntarnos un grupo de amigos e empezamos a ensaiar con Ascensión Romero como directora, que o segue sendo a día de hoxe. Despois, constituímonos como Asociación Sarricanta cunha actividade ligada ao coro”, explica Elvira Pallares, presidenta de Sarricanta.

Cando empezou a súa andaina eran arredor de 10-15 persoas e agora pasan das 30, as que forman parte tanto do coro como da asociación. Así, tanto a presidenta da asociación, Elvira Pallares, como a directora do Coro, Ascensión Romero, destacan que desde o Coro organízase o Día das Letras Galegas en Sarria, participan na Festa dos Maiores, no concerto de Fin de Ano, fan a Misa do Peregrino do 25 de xullo, e “sempre que nos precisan estamos aí”. Destacan que “intentamos traer moitas actividades para Sarria dentro das nosas posibilidades, xa que Sarria se move en cultura grazas ás asociacións” e agradecen a colaboración do Concello de Sarria, da Deputación de Lugo, da Xunta, e doutros concellos e da Sociedade Cultural La Unión para poder desenvolver as diferentes iniciativas. Por outra parte, tamén organizan actividades como asociación á marxe do coro, como a organización dun curso de talla e madeira, de ourivería, outro de pintura... O curso de talla e madeira sempre se facía na Feculera, pero agora que esta entidade xa non forma parte do Concello de Sarria,

“non sabemos que vai pasar, xa que na Casa da Cultura non hai sitio, non hai moita luz, vai moito calor...”.

AS NECESIDADES DE SARRICANTA.

Desde Sarricanta destacan a colaboración coa Igrexa do Rosario, xa que alí é onde se producen a meirande parte dos concertos do coro. “A Igrexa do Rosario é o auditorio que temos. Aquí en Sarria non temos auditorio, entón o noso auditorio é a Igrexa. Noutros espazos como a Casa da Cultura non hai espazo para acoller á veciñanza”, explican. Así, din que non é algo só de Sarricanta, senón que “todas as asociacións pedimos o mesmo: un lugar para desenvolver o noso labor e actividade e un lugar onde poder actuar, porque Rebuldeira Teatro para representar as súas obras tamén necesita un espazo”. Porén, din que non é un tema de cores, “o tema do auditorio era algo que levaban todos os partidos políticos nos seus programas, pero non hai verdadeira vontade para conseguilo, porque se deberían unir todas as institucións: o Concello de Sarria, a Deputación e a Xunta de Galicia, para promover que en Sarria contemos cun auditorio. É un tema de vontade política”, sosteñen. Así, destacan que en Sarria “somos un pobo cunha virtude cultural enorme e todas asociacións tradicionais necesitamos un auditorio para seguir fomentando a nosa actividade. Incluso se poderían facer eventos máis grandes”. Por outra parte, destacan que a Igrexa do Rosario “para nós é moi importante porque é o noso auditorio, pero ten necesidades, porque a xente que vén a ver á nosa

actuación necesita calefacción, luz, o sistema de son... e hai que pagalo; polo que hai que mellorar as cousas. A ver se entre todos podemos facer unha forza para que as institucións e os veciños colaborem para mellorar a Igrexa do Rosario e que poida seguir sendo o noso auditorio. Hai que agradecerlles o labor que fan na Igrexa polas asociacións e as bandas”, destacan.

O TRABALLO DO CORO.

Como asociación “intentamos formar a todas as persoas que queren formar parte das nosas actividades. Estamos abertos a que formen parte da nosa familia”. Dentro do coro, a directora destaca que hai todo tipo de voces e “intentamos ensinar a cantar a todo o mundo. Ascensión Romero destaca que “o que máis me move a seguir traballando é que me sinto arroupada pola xente que teño arredor, valóranme como artista e como persoa e iso é o máis importante”. E continúa poñendo en valor que “a música non é música se non se saca o sentimento. Hai que oír, sentila e transmitir; a música non é música de por si, hai que facela, e o noso segredo quizais sexa ese, elixir moi ben as cancións que todo o mundo coñece e cantalas en castelán ou galego porque eu coa música quero transmitir unha mensaxe e que a xente sinta esa mensaxe e a entenda. A xente emocionase e iso é importante. A quen o fai mellor, dásele máis carga e uns arrimados aos outros, van aprendendo, e o coro sona bonito”, puntualiza.

O coro xúntase un día á semana durante dúas horas, máis ou menos, para ensaiar e celebran aniversa-



rios e ocasións especiais xuntos, así como van comer todos xuntos cando van cantar. “Comemos todos xuntos e tamén coas familias das persoas que forman parte da asociación e facemos unha foliada, porque todos somos unha gran familia”, explican. Ademais, destacan que se moven moitas veces, non só actúan na Igrexa do Rosario, tamén van a concellos da comarca de Sarria, da provincia de Lugo e teñen ido ata Madrid. “Tamén fixemos un disco de música para celebrar os 20 anos do coro, que foi financiado integramente por Política Lingüística da Xunta”.

AS FESTAS DO ROSARIO. O Coro Sarricanta será un dos protagonistas das Festas do Rosario, que están organizadas por unha comisión da que forman parte Ascensión Romero, o cura Carlos da Igrexa do Rosario, Carlos Vilariño, Kevin Abuín, Jefferson Castillo e Adrián López.

O párroco Carlos explica que esta festa se recupera despois da pandemia pola necesidade da veciñanza de saír das súas casas e volver celebrar xuntos, sendo a terceira edición este ano. “Celebramos a Virxe do Rosario e cremos e vivimos xuntos todos os aspectos da vida”, sostén o cura. Desta maneira, a festa comezará coa misa solemne ás 12.00 horas coa participación do Coro Sarricanta e,

despois, terá lugar a procesión e sesión vermú da man da Banda de Música de Sarria. Logo, será o momento da comida popular e, pola tarde, haberá sorteos e actividades infantís. Finalmente, o día rematará coa festa a cargo da banda Louband e despois será a quenda de Dj Marcos OM.

“A idea é xuntarnos e curar esas feridas de estar en casa pechados e festexar. A Festa do Rosario faise no propio pobo e virán todos os veciños e veciñas a comer. Ter un día de festa é moi importante, é moi familiar”.

Outro dos organizadores das festas, Carlos Vilariño, sostén que “temos moitas ganas de que se celebre a festa porque é un día moi bonito e, aínda que a organización é complexa, a festa é preciosa. Ademais, queremos poñer en valor a implicación dos comercios e establecementos de Sarria, que se implicaron moitísimo. A Festa do Rosario é marabillosa, é a última festa do ano. Hai que darlle relevancia a estas festas que podemos facer os veciños e compartir é moi bonito”, pon en valor.

En definitiva, os integrantes da comisión e as representantes de Sarricanta valoran o ámbito cultural de Sarria e o asociacionismo, que “é moi importante porque colaboramos uns cos outros e fomentamos que siga habendo cultura. É unha relación marabillosa”.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTILES, CON PILAS O RECARGABLES

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/Matias López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

O pleno aproba a modificación do contrato eléctrico no Concello

O pleno de Sarria do mes de setembro tratou diferentes asuntos relacionados co municipio. Así, aprobouse a modificación do contrato de subministración e servizos con investimento suxeita a regulación harmonizada dos servizos enerxéticos do alumeadado exterior e dos edificios.

Concretamente, foi aprobado o contrato eléctrico para incluír os gastos enerxéticos da piscina climatizada, a residencia de maiores e dispositivos de iluminación cos votos a favor de Camiña Sarria e o BNG, grupo desde o que sostiveron que era un contrato “positivo” e cunha importante subvención que promoverá aforro enerxético e un bo servizo.

Pola súa parte, Carmen José López, portavoz popular, votou en contra e sostivo que o procedemento foi unha “chapuza”, argumento que compartiu co partido socialista, que se abstivo.

Tamén se aprobou a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música cos votos a favor de Camiña Sarria, BNG e PSOE e despois de rexeitar unha alegación dunha veciña que instaba a bonificar os prezos aos membros



da Banda Música, co argumento de darlle igualdade de trato aos membros de todas as asociacións.

Por outra parte, aprobouse a moción do Grupo Municipal do Partido Popular sobre deficiencias no funcionamento dos semáforos da vila, conseguindo o apoio e votos a favor do BNG e do PSOE, mentres que o Goberno local, neste caso representado polo concelleiro Félix Seijas, explicou que os semáforos do cruzamento de Matías López e Formigueiros non están avariados, senón que a Policía Local recomendou poñelos en ámbar para mellorar a fluidez.

Con respecto á moción do PP para que se adopten medidas en relación aos servizos ferroviarios na estación

do tren de Sarria e que o alcalde lle esixa ao Goberno central contar de novo coas frecuencias que tiña antes da pandemia, esta contou cos apoios dos concelleiros populares e dos do BNG, pero non cos do PSOE, que votou en contra, e os de Camiña Sarria, que se abstivo. Así, foi aprobada.

Pola súa banda, tamén se aprobou a moción do BNG, cos votos en contra do PP e os votos a favor dos demais partidos, para o rexeitamento da subida do canon de Sogama para os Concellos en 2025 e por un novo modelo de xestión de residuos. Tanto o PSOE como Camiña Sarria consideran que a suba “é inaceptable”, xa que en Sarria suporá unha diferenza de 130.000 euros ao ano.

A XVIII Festa dos Maiores será o día 26 de outubro

O Concello de Sarria organiza a XVIII Festa dos Maiores de Sarria, que se celebrará o vindeiro sábado 26 de outubro no pavillón de deportes do Instituto.

Desta maneira, desde o Goberno local explican que será “un día pensado para gozar e homenaxear á nosa xente maior, e con actividades para todos”.

Todo comezará ás 13.00 horas coa actuación de varios compositores da Asociación Pelerifios, mentres que ás 14.00 horas terá

lugar o xantar. Xa ás 16.30 horas celebrárase unha homenaxe ás parellas que celebraron as súas vodas de ouro no 2023 e 2024, e ás 17.30 horas terá lugar o baile con música en directo co que rematará a festa.

As persoas interesadas en participar deberán pagar un custo de 10 euros e, se traen acompañante, esa persoa deberá aboar 20 euros. Así, o prazo para apuntarse é ata o 15 de outubro no Concello.

Clínica Obradoiro Dental propón unha xornada de portas abertas

A Clínica Obradoiro Dental de Sarria organiza unha xornada de portas abertas o vindeiro venres, 18 de outubro ás 17.00 horas co fin de dar a coñecer as súas instalacións e servizos á cidadanía da vila, así como ás persoas que se acheguen ou pasen pola rúa Pedro Saco, 37; onde está situada. Tras a xornada de portas abertas, a apertura oficial da clínica será o 21 de outubro, co fin de ofre-

cer un servizo que promove manter unha boa saúde bucal, destacando a educación e atención preventiva para que os dentes e enxivas poidan estar en boas condicións ao longo do tempo. Así, ofrecen odontoloxía estética e preventiva, endodoncia, próteses, odontopediatría, ortodoncia, implantoloxía e cirurxía oral, periodoncia e patoloxía da oclusión.

VEN A CONOCERNOS EN NUESTRA JORNADA DE PUERTAS ABIERTAS



INAUGURACIÓN
VIERNES 18 OCTUBRE
A LAS 17:00 H.



VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA



- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontoloxía general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantoloxía. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

Rúa Pedro Saco, 37
Tel. fijo: 982 831 632
Móvil: 621 404 218



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

Volve o Club de Lectura á Casa da Cultura sarriá



A Concellaría de Acción Cultural de Sarria, encabezada por César No, anuncia a reactivación do Club de Lectura de Sarria, que terá lugar os xoves ás 19.00 horas na Casa da Cultura. O Club de Lectura, que está coordinado por Yolanda Álvarez, está aberto a participantes de todas as idades, co obxectivo de fomentar o hábito lector e o intercambio de

ideas arredor da literatura. Os interesados en formar parte do club deberán enviar un correo electrónico co seu nome, apelidos e idade a cultura@sarria.gal. A Concellaría anima a todos os veciños e veciñas a participar nesta iniciativa cultural, que busca converterse nun espazo de encontro para os amantes dos libros en Sarria.

Diversa Infantil criticou a forma de colocar un carrusel nun parque

Desde a Plataforma Diversa Infantil informan de que varias integrantes da entidade reuníronse co concelleiro da Área de Medio Ambiente, Sustentabilidade, Parques e Xardíns de Sarria; Borja García, para pedirle explicacións sobre a instalación incorrecta dun novo carrusel no parque infantil do Chanto. Así, explican que o carrusel está deseñado para ser un xogo totalmente inclusivo, pero neste caso “non se colocou a ras de chan, o que impide o acceso de nenos e nenas en cadeiras de rodas. Pola súa parte, o concelleiro recibíunas rapidamente e pediu desculpas polo erro. “Explicounos que hai que instalar unha drenaxe subterránea para escavar e poñer o carrusel a ras de chan, e non lle deu tempo polos



prazos de execución da obra”. Mentres, as de Diversa pedíronlle que o resolvera canto antes e comprometeuse a iso. Ademais, tamén lle lembraron que o bambán adaptado da Praza da Vila “non ten un acceso axeitado para usuarios con mobilida-

de reducida”, ao que o concelleiro respondeu que era consciente e que quere arranxalo o antes posible. Dende Diversa sosteñen que seguirán insistindo en que se mellore a accesibilidade dos parques infantís e, en xeral, de toda a vila.

Roberto Lolo organizará un sábado de cada mes dous espectáculos de maxia

O mago sarriao Roberto Lolo anuncia unha nova aventura máxica que organizará na súa vila un sábado de cada mes e que contará con distintos artistas en cada ocasión.

Así, o espazo elixido para desenvolver esta iniciativa é o bar Adarve de Sarria, na sala traseira, que acollerá nun espazo exclusivo ata a 60 persoas, xa sexan veciños e veciñas ou calquera persoa que se anime a participar.

Cada sábado, empezando polo próximo 12 de outubro, terá lugar un espectáculo de maxia infantil ás 18.30 horas e outro para adultos ás 22.30 horas.

O mago Roberto Lolo anima a toda a veciñanza a participar desta iniciativa lembrando que para participar



haberá que mandar un Whatsapp ao número 663 340 067 e cada persoa recibirá un contrasinal máxico para poder acudir á sala. Estas actuacións terán un custo de 5 euros por persoa para compensar o artista que vaia actuar, e as persoas que, ademais de ver o show, queiran

cear no Adarve, poderán facelo entre as 20.00 e as 22.00 horas.

Roberto Lolo di estar “emocionado” con esta nova iniciativa para a vila de Sarria e despois de celebrarse en agosto a XIX edición do Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria

Ferretería Sarria conta cun punto de recollida de baterías



A empresa Ferretería Sarria conta cun novo punto de recollida de baterías no seu local da vila, onde as persoas poderán depositar as súas pilas de uso doméstico.

Javier López, xerente do negocio, explica que ao ser distribuidores oficiais da marca Stihl, contan con este punto de recollida para as baterías de produtos da marca Stihl,

así como “pode vir calquera persoa que teña pilas de uso familiar, non industrial, e depositalas”. Así, di que Stihl “é pioneira implantando un punto de recollida de baterías”.

Ademais, cada persoa que deposite unha batería no punto de recollida, poderá escanear un QR e participar nun sorteo de agasallos.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

Alquiler de Vehículos en Sarria

951 12 93 33

OSCAR.ES



VEHÍCULOS
INDUSTRIALES



DESDE 36€ /DÍA

TURISMOS



DESDE 30€ /DÍA

MONOVOLUMEN
6-9 PLAZAS



DESDE 90€ /DÍA

200 KM
INCLUIDOS AL
DÍA Y SEGURO

NOPER
CAR

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...



CIRCUÍTO TEATRO 20 PROFESIONAL 24



Señor López Produccións
A viaxe do Señor López



Ítaca Teatro
Ósco minutos sen respirar



Batega Teatro
O Pano



Ítaca Teatro
Anacos



Trécola Produccións
Coa música a outra parte



Teatro do Miolo
Batada do Cerro



Microscopia Titeres
Alas de Cartón



Lilã Teatro
Para Avis



Pínoensis
Pínoensis



Trécola Produccións
Monstrólogo



Ubu Teatro
Madrugas



Compañía S. do Dr. Monifate
Bachan, un home solo



Ítaca Teatro
Formigas no peito



Ubu Teatro
O vigiante dos soños



Satori Teatro
Masculino singular



Batega Teatro
O mundo de Martiño



Teatro do Miolo
Batada do Cerro



Loia Produccións
#Visitación Consolación
Acoltra



Xamón Producción
María Balteira



Baixo da area Teatro
Poeta en Nova York



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



“Nas miñas fotos mostro a dureza dos traballos manuais”

Mercedes Vázquez Saavedra, fotógrafa e etnógrafa sarriá, vén de expoñer os seus traballos na antiga prisión preventiva de Sarria e na biblioteca de Samos

Quen é Mercedes Vázquez?

Nacín en Sarria e traballei durante toda a miña vida en proxectos sociais e actividades socioculturais en diferentes entidades. Ademais, toda a miña vida estivo vinculada coa arte, tanto no ámbito da escrita como da fotografía. No ámbito da escrita, elaborei guías turísticas para entidades como a guía do Courel, da Pobra do Brollón... por iso, tamén na recompilación desa información, tamén aproveitaba para sacar imaxes que agora forman parte da miña colección e que se inclúen nas miñas exposicións.

Como se vinculou ao mundo da

lugares do mundo, pero cando me fun facendo maior me din de conta de que o que máis me interesaba era coñecer de onde viñamos, do rural. Por iso, empecei a interesarme máis polas aldeas, cousa que tamén me veu precedida polas guías que fixen do Courel, onde vin como eran as aldeas e o moito que me gustaban. Eu cheguei a Portugal e vin que as aldeas eran como as que eu coñecera do Courel, pero que pouco a pouco íanse perdendo no rural de Galicia, tanto é así, que vivo entre Pitões das Júnias e Sarria. En Portugal fanse traballos comunitarios entre as mulleres, o

imos ter en outubro en Samos, e na que retrato mulleres que fotografei durante as miñas viaxes ao rural. Aparecen maioritariamente mulleres da Raia de Portugal que fun atopando, pero tamén hai do Courel e de Samos. Ademais, sempre aumento as exposicións, xa que non me gusta que sexan estáticas, sempre integro máis mulleres. Por outra parte, hai unha exposición moi concreta que é a de Mulleres das capas, que é o seguimento de mulleres de Nogueira, no Concello de Boticas de Portugal, que é conxunta con Moncho. Nela, retrátanse ás mulleres desa terra do Barroso en Portugal, unha zona entre Chaves e Montealegre e preto de Xinzo de Limia. Finalmente, a exposición que estivo en Sarria durante o mes de setembro, Traballos do campo, é unha recompilación de fotografías que fun sacando en diferentes lugares, captando a esencia dos traballos manuais de antes. Algunhas fotos teñen 30, 20 ou 10 anos, pero todas expresan a dureza da vida no campo e a festa que se fai ao rematar ditos traballos. Concretamente, vense segadas, malladas, serradas e carrexadas... e ao mellor unha muller cavando, así como hai homes tamén.

Por que é importante mostrar estes traballos?

Gústame moito compartir os traballos, porque aínda que eran moi duros e eu mostro esa dureza, despois do traballo facían unha festa, desfrutaban e era un momento de compartir. Nunca se poderán recuperar os traballos a man porque son moi duros e hai máquinas, pero é interesante mostralo e poñer en valor o de antes, non só o traballo en si, senón ás persoas, na parte etnográfica. Non busco a percepción, senón captar algo que diga algo, porque non hai nada perfecto, e esa imperfección transmite, iso é que quero, transmitir e recuperar o valor polas aldeas e que non morra e valoralo. Eu atopei a esencia do rural e da xente auténtica, e aproveito para ver costumes e estar coa xente. Interésame todo e teño moitas emocións, que é o importante, ter ganas de facer cousas e emocionarse co que fagas.

Que importancia ten para vostede o rural?

É importantísimo volver a valorar o rural e facer cultura do rural. A min Portugal ensinou-



me que era posible facer dunha aldea algo grande, con museos e casas rurais, actividades, cursos... En Froxán, no Courel, antes era había moita actividade e facían cousas, pero penso que o rural hai que reivindicalo e que non morran as aldeas, por iso eu fago exposicións no rural. Aínda que fixen exposicións en lugares grandes, encántame expoñer nos sitios pequenos, como Sarria ou Samos. Motivámeme moitísimo expoñer no rural porque se achega xente e facemos comunidade. Temos que facer que o rural estea vivo e que non caia no abandono porque me dá moita pena.

Como foi a acollida da exposición en Sarria?

Moi ben, estou encantada. Teño moita xente que coñezo de toda a vida e que pasan por alí para ver as 70 fotografías que compoñen Traballos do campo. Ademais, tamén pasan os peregrinos e este mes é o moi bo, porque en xullo e agosto van máis rápido e non paran tanto. Agora van máis tranquilos, entón esa xente é a que se para e mira a exposición e inflúe moito en que paren outros. Tamén hai xente que vén doutros concellos para ver a exposición e estou contenta.

Agora ten exposta en Samos a mostra ‘Mulleres’.

Si, estamos moi contentos. Fixeron unha sala nova de exposicións no centro e desde o Goberno local estiveron moi receptivos de levar a exposición de Mulleres a Samos a partir de outubro. Samos é moi importante para min porque pasaba os veráns nunha parroquia de Samos e é onde eu vin as mallas e as segadas. Na exposición hai unha muller de Samos. Son unha desfrutadora das cousas pequenas e teño moitos amigos en Samos que sei que van vir a exposición e a desfrutar dela.

Que proxectos de futuro ten en mente?

Sempre que fago unha exposición, desde os concellos propoñenme facer fotografías dalgunha das súas aldeas para facer unha exposición concreta deses lugares e teño para o ano que vén encargada unha nese sentido. Así, retratarei mulleres e traballos de diferentes concellos, o que a vida me deixe, estou aberta a todo. Ademais, teño imaxes da parte artesá dos diferentes municipios así como fotografías dos traballos de campo con maquinaria, polo que podería facer exposicións dese tipo tamén.



fotografía?

Os meus tíos, primos, o meu avó... todos eles tiñan cámara de fotografía, polo que sempre me foi un mundo co que tiven contacto e que sempre me gustou. Fun compatibilizando o meu labor profesional oficial coa fotografía e, xa xubilada, dediqueime a isto en corpo e alma, poderíamos dicir que xa hai 15 anos que é a miña paixón e dedicación total. Nos anos 70 montamos un estudo analóxico o meu tío, un primo e eu para facer experimentos, pero a que terminei vencellada ao mundo da fotografía por enxeiro fun, que pasei de analóxico e dixital. E así empecei a fotografar todo o que vía.

De que tratan as súas fotografías?

Nos meus traballos hai dúas cousas a destacar: o rural e a muller. Debo recoñecer que a miña vinculación con Portugal influíu moitísimo nas miñas fotografías. Eu viaxei moito por moitos

que tamén me recordou á miña infancia, xa que a miña nai e avoa foron as que me criaron porque os homes tiveron que migrar. As historias das mulleres da aldea comunitaria fixéronme ver a vida doutra maneira, aprendín delas, da miña familia e das mulleres do courel o feito de compartir, de dar o que se ten. As mulleres facían os labores, coidaban dos nenos e conformábanse cun prato de verduras. O importante é axudarse unhas ás outras. Fixéronme entender que a vida era moito máis simple.

Ten cinco proxectos expositivos, que destacaría de cada un?

Empecei montando unha exposición de máscaras, que teño dúas. Nelas, retrátanse as máscaras, unha delas é de máscaras galegas e portuguesas e a outra é de máscaras ibéricas, na que se atopan personaxes da zona central da Península Ibérica. Despois, teño tres exposicións máis, unha chamada Mulleres, que é a que





TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052



SARRIA,
unha comarca con sabor



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Airo Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 10 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

“Hai que traballar moito, pero gústanos o que facemos”

Falamos con Jose Vilela, xerente xunto co seu irmán do negocio Talleres Vimetal de Sarria o negocio de carpintería metálica da localidade

Como se pon en marcha o negocio?

O negocio ponse en marcha hai dous anos a finais deste ano. Somos dous socios que levamos 20 anos no sector do metal e nos asociamos porque somos irmáns que tiñamos a idea de montar algo noso apelido é Vilela, polo que fusionamos Vilela e Metal, dando lugar a Vimetal. A verdade é que de cara ao traballo, temos que recoñecer que todo foi moi ben estes dous anos. Tivemos moita carga de traballo porque xa nos quedamos con algún cliente que tiña o anterior, outros que foron xurdindo, outros que coñeciamos de traballar noutras empresas... Nós sempre tivemos a idea de montar algo así, pero estivemos moitos anos traballando para outras empresas porque ademais aquí en Sarria, ao non haber solo industrial, non hai moita posibilidade de alugar ou comprar naves, polo que se foi alargando a cousa. Ao xubilarse o señor, deixounos o taller, e así foi como xurdiu.

Que servizos e produtos se ofrecen?

Sobre todo, ofrecemos produtos, aínda que tamén facemos arranxos, pero o que máis, fabricación de produtos. Temos unha carpintería metálica na que elaboramos cancelas, peches, automatismos para esas portas, facemos tamén estruturas en canto a cubertas, entreplantas, nave pequena... e despois traballamos en aceiro inoxidable, que aquí na comarca hai pouca xente que se dedique a iso. Fabricamos todo

tipo de portas metálicas, varandas, escaleiras metálicas... todo o que deriva de carpintería de metal de ferro e de aceiro inoxidable. Non facemos moito de aluminio, o que facemos é sempre soldado en portas, etc.

Con que ferramentas traballan?

Nós, aquí, o que máis utilizamos é serra de cinta para cortar a medida en fabricación; e logo utilizamos ferramentas de soldadura e ferramenta pequena. Temos algunha pregadora, unha máquina pequena coa que facemos algo pequeno para nós, pero cando hai que facer algo grande, subcontrátase.



Como é o contacto co cliente?

Co cliente temos un contacto moi persoal, porque este é un pobo pequeno no que todos nos coñecemos. Ademais, como xa dixen, dos clientes que temos, moitos xa eran coñecidos por nós por traballar noutras empresas ou clientes

da anterior empresa, polo que temos bo contacto. Hai unha comunicación fluída porque ás veces os clientes non saben como executar o que piden, entón asesoramos e aconsellamos como queda mellor e máis cómodo. Eu sempre lle aconsello a todo o mundo que se deixe aconsellar por un profesional. Se á miña casa vén un pintor, eu déixome aconsellar porque o profesional está todo o día no sector, vendo os produtos que hai, etc. O que está claro é que temos que ter unhas garantías, que se algo está mal hai que solucionalo, que para iso estamos, e non podemos poñer un produto e que non

funcione. De feito, arranxamos cousas que foron feitas por traballo doutra empresa. Por iso, quedan contentos, son fieis e utilizan o boca a boca para recomendarte.

En que lugares actúan?

Sobre todo, actuamos en Sarria, na comarca de Sarria e en Lugo,



temos algún cliente de fóra, pero o noso forte é Sarria e comarca de Sarria. Temos varios clientes de Monforte arredores, e tamén algún cliente de Foz. Ademais, o 70 % do noso traballo é con empresas, o resto son particulares.

A nivel de traballo, como se organizan?

Organizámonos entre o meu irmán e eu, só estamos os dous. Traballamos diariamente unhas 10-12 horas cada un porque en 8 non conseguimos atender a todo o traballo que temos. Ademais, moitas veces imos a xunto do cliente e iso xa fai que aumenten as horas de traballo. Somos dous socios e dous traballadores, aínda que nos gustaría contar con outro traballador, pero non atopamos. Non digo un profesional con experiencia, pero non hai xente con nocións do sector, é unha cousa case imposible. Aquí, todo o que facemos é a medida, non facemos nada en serie, polo que necesitamos xente con coñecemento do sector do metal e que poidamos delegar para que faga o seu traballo independentemente, pero non hai. É un sentimento compartido o de non atopar xente para traballar. Eu creo que no noso sector, e en todos os sectores que abarcan a construción e derivados como pintores, electricistas... todo o

mundo estamos na mesma tesitura: necesitamos man de obra cualificada e non se consegue. Nuns anos vai ser un problema grave, xa que hai unha xeración de 50-60 anos que vai xubilarse e non hai un relevo xeracional nos oficios deste tipo. Non sei que vai pasar, pero é unha situación moi complicada. Non hai persoal e cada vez menos empresas do sector da construción e edificios téñense que seguir construíndo. A xente que hoxe ten 60 anos e que leva toda a vida dedicada a oficios tería que estar formando a rapaces novos e transmitindo eses coñecementos a xente nova, pero non está pasando.

Teñen algún proxecto futuro?

Nós o que queremos é que siga habendo carga de traballo e, como proxecto futuro, poder expandirnos algo, a ver se atopamos a alguén que queira traballar. Ademais, estaría ben buscar unha nave máis grande. Levamos menos de dous anos e aínda queremos consolidarnos no sector, queremos ver como van as cousas. Pero, en xeral, estamos moi contentos, hai que traballar moito, pero gústanos o que facemos e estamos motivados en seguir. Estamos comprometidos co traballo e cos nosos clientes, e iso é o importante.

O PP pide urbanizar a segunda fase do polígono do Morelle

Os senadores José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano solicitan ao Goberno de Sánchez “impulsar a urbanización da segunda fase do polígono industrial do Morelle, en Sarria, que é responsabilidade da entidade estatal do solo (SEPES)” a través de iniciativas no Senado e preguntas enfocadas a saber os plans do Goberno en relación á ampliación do polígono do Morelle. “Que aclare se ten previsto facer efectivo o compromiso de executar a segunda fase de urbanización, comercialización e venda de novas parcelas como iniciativa dirixida a consolidar e atraer actividade económica e xerar empregos, xa que é preciso que o prezo do solo sexa asequible e competitivo”. “En outubro do ano 2020 tanto o daquela delegado de Goberno en Galicia, Javier Losada, como o alcalde da localidade, Claudio Garrido, daban por seguro que se promovería a segunda fase de urbanización deste polígono, un compromiso que 4 anos despois non se materializou”,



afean os representantes do PP na Cámara Alta. Así, advirten que “esta parálise está a provocar unha progresiva perda de oportunidades, ata o punto de que son xa varias as empresas que desistiron de instalarse na localidade ou as que abandonan Sarria cara a outros municipios onde si poden acceder a unha máis ampla oferta de solo industrial”. A Corporación Municipal de Sarria xa se pronunciou, con ampla maioría e co respaldo de distintos partidos políticos, a favor de reclamar a ampliación deste polígono e sobre a necesidade de que este proxecto vaia

adiante con carácter de urxencia. O obxectivo é “dispoñer do maior espazo posible para poder levar a cabo unha actuación viable que atraia máis empresariado a unha zona especialmente dinámica”, subliñan. “A creación de solo industrial, sobre todo en localidades como a de Sarria onde hai unha alta demanda, debe ser unha cuestión prioritaria e que o polígono do Morelle poida dispoñer de novas parcelas supoñería un revulsivo de fronte ao futuro, ademais dunha aposta decidida pola revitalización da actividade empresarial e pola creación de emprego”.

Arredor de 85 persoas participaron na festa do San Miguel en Goián



A Asociación de Veciños de Goián, na parroquia do mesmo nome de Sarria, organizaron as festas de San Miguel este domingo, 29 de setembro, na Escola de Goián. Así, xuntáronse arredor de 85 persoas que se achegaron desde as súas casas en Goián e máis persoas de fóra da parroquia para desfrutar, todos xuntos, dunha comida popular. Todo

comezou ás 13.00 horas coa sesión vermú, seguida do xantar ás 14.00 horas no que houbo empanada, xamón cocido, churrasco con patacas e larpeira. Desde a directiva da Asociación de Veciños de Goián, representada por Jéssica, Jose e Kevin, destacan a boa acollida desta iniciativa e a alegría de xuntar tantas persoas celebrando en Goián.



PIZZERIA PAPPARAZZI
100% ITALIANI

¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza individual

Martes
Familias de Jamón e Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balac Sarria
Tfno.: 982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO
XV CONCURSO DE TAPAS
TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

TAPERIA J | JATO

Raciones a medida

Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



José Manuel López volveu ser elixido como secretario xeral do PSOE

A situación do Partido Socialista de Sarria vén de complicarse, de novo, despois de que o pasado 3 de outubro se celebrara unha asemblea extraordinaria na Unión na que se presentaron dúas candidaturas, unha formada por Irasema López, como secretaria xeral, e Jose Luis Santamaría como secretario de Organización; e outra encabezada por Benjamín Escontrela e José Manuel López Torre, que foi elixido de novo como secretario xeral. Durante a asemblea extraordinaria, convocada pola secretaria de Organización Provincial, María Pilar García Porto; a lista presentada por unha parte da militancia e encabezada por Irasema López retirouse por "non cumprirse os Estatutos do partido", así como din que "incumpria o censo a aplicar neste tipo de situacións".

Desde a militancia do PSOE explican que algúns recibiron a convocatoria de Asemblea Extraordinaria o pasado 25 de setembro con dous puntos do día: a constitución da Comisión Xestora e o segundo que se refería á elección da nova executiva. Porén, explican a Comisión Xestora non se constitúe nunha asemblea, senón que vén constituída tras unha petición do Órgano superior ao afectado, xa que o problema xorde coa dimisión do anterior secretario xeral da Agrupación de Sarria o pasado 17 de febreiro de 2023 e quen fai a petición é a provincial de Lugo, trasládase á

Comisión de Ética e Garantías Nacional e así constitúe a xestora a Executiva Federal.

Así, a propia Comisión Xestora é a encargada de levar a cabo unha asemblea para a elección da nova executiva nun prazo non superior a 90 días, pero non o ten que facer a secretaria de Organización. Por iso, presentaron unha primeira impugnación o 29 de setembro para solicitar que se fixera unha convocatoria que respectara os Estatutos do partido. Así, a contestación foi que a Comisión Xestora fora constituída o 11 de xuño de 2024, polo que ata o 3 de outubro pasaron 114 días, polo que de novo se incumpriron os Estatutos.

Con todo, durante a asemblea, na que a pesar da impugnación se presentou unha lista alternativa á proposta polo PSOE provincial, se presentaron dúas candidaturas, os militantes sarriaos que non están a favor de Benjamín Escontrela retiraron a súa candidatura porque "non iamos ser cómplices dun acto que non cumpría os Estatutos" e defenden que "en Sarria os principios de igualdade, transparencia e obxectividade foron transgredidos".

Finalmente, o PSOE de Sarria seguirá tendo a Benjamín Escontrela como secretario de política municipal, a Fátima Gómez como secretaria de organización e a José Manuel López como secretario xeral do PSOE en Sarria.

A primeira exposición da Trienal Sarria Triennial será inaugurada

A Asociación Cultural Huhú de Sarria, organizadora do programa Trienal Sarria Triennial (TST1), inaugurará a súa primeira exposición central o día 18 de outubro no local A Sede.

Trienal Sarria Triennial é un programa experimental de arte contemporánea xerado dende un contexto improbable no que se utilizan ferramentas que ofrecen as diferentes disciplinas creativas para fomentar o pensamento crítico e difundir manifestacións culturais significativas.

A primeira edición de TST1 titúlase 'Arquipélago interior', unha imaxe que aporta o marco discursivo que articula o programa a desenvolver durante os anos 2024, 2025 e 2026, período no que se realizarán cinco



bloques expositivos principais. Cada un dos bloques despreza unha exposición central na que artistas ou colectivos presentarán obras e proxectos sensibles ao contexto, relacionados coa temática do programa e as súas imprevistas relacións. A través das súas propostas, desde o

colectivo invitan a reflexionar sobre "as múltiples aproximacións á ruralidade que afloran no presente, sobre como os movementos migratorios conforman a perspectiva humana deste contexto, e sobre os modos de produción de experiencia e sentido a explorar colectivamente".

'O bosque é grande e profundo' do escritor Manuel Darriba está en inglés

O sarriao Manuel Darriba, xornalista, guionista e escritor, vén de conseguir que a súa novela 'O bosque é grande e profundo' se publique en inglés na editorial Small Stations Press, cunha tradución de Jonathan Dunne. Desta maneira, a obra 'The forest is big and deep' distribúese xa dende setembro nos principais mercados de lingua inglesa, sendo esta unha das máis coñecidas de Darriba, na que se narra un futuro de destrución nun bosque cheo de refuxiados de guerra. Os protagonistas principais son un rapaz fuxido e a súa irmá menor, atrapada na cidade entre bombardeos.

'O bosque é grande e profundo' publicouse en galego no 2013 en



Edicións Xerais cunha imaxe de cuberta na que aparecía unha imaxe do fotógrafo sarriao Toño de López. A obra, que foi nomeada ese ano ao Premio de Novela Europea 'Casino de Santiago', foi traducida ao castelán polo propio autor e publicouse na editorial de vangarda Caballo de Troya.

O AUTOR. Manuel Darriba é autor dunha quincena de obras de narrativa e poesía, varias delas premiadas e traducidas ao castelán. No 2023 publicou o seu libro máis recente, o álbum infantil 'Pedro, o piloto de gaivotas', en colaboración coa ilustradora Aida Alonso.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

COMARCA

Medio Rural pagará as axudas pola EHE a partir de novembro

As axudas da Xunta por importe de 5,6 millóns de euros para paliar os danos da Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE) faranse efectivas tras a fin do período de actividade do mosquito vector transmisor da doenza, que se estima que baixe a súa incidencia a mediados de novembro co descenso das temperaturas. Isto é, a tramitación das resolucións das axudas directas comezará a partir dese momento, cando se constate que xa non hai casos activos da doenza. Desta forma, os fondos (cofinanciados polo Ministerio de Agricultura) poderán chegar a todas as explotacións afectadas este ano pola enfermidade, a maiores das de 2023, cuestión importante e valorada tanto polo Goberno galego como polas organizacións profesionais agrarias. Así o lembrou a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, tras reunirse con responsables de Asaga e Unións Agrarias. Despois deste encontro de traballo, a conselleira salientou que o sistema de repartición das achegas será directo aos gandeiros, que só deberán presentar unha aceptación da axuda, sen necesidade de xuntar ningunha outra documentación, axilizándose así ao máximo a tramitación.

Neste sentido, a conselleira recordou que Galicia foi pioneira en habilitar, xa a comezos deste ano, a indemnización polos animais falecidos, unha medida coa que a Xunta aboou máis de 200.000 euros. A maiores, lembrou que desde que o Ministerio de Agricultura anunciou, en maio pasado, que ía publicar un Real Decreto e transferir fondos ás



autonomías, a Consellería urxiulle celeridade para resolver un asunto que finalmente se fixo efectivo a semana pasada.

Foi a partir da publicación da devandita norma, e coñecidos os criterios fixados polo Ministerio, cando a Xunta puido avanzar e dar certezas aos gandeiros cunha proposta de axudas directas, tal e como explicou Gómez, quen incidiu en que “non hai ninguén máis preocupado e ocupado co benestar, o coidado e a sanidade das súas reses que os gandeiros”. Por iso, engadiu, a Xunta está aí para “axudar a que todos eles sigan á fronte das súas explotacións e que todos aqueles que se incorporan saiban que tamén teñen o seu apoio”. Con esta medida, sinalou a conselleira, “será posible duplicar as contías por animal falecido, con achegas de entre 400 e 1.600 euros, en función da idade das reses”. Tamén se sufragarán os tratamentos veterinarios e desinfectantes, achegando 20 euros por bovino censado, aboando os cartos polo total do censo da explotación e non só polos animais afectados,

cun máximo de axuda de ata 4.000 euros por granxa.

“INSUFICIENTES”. O deputado provincial e vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro cualificou como “tardío” e “pírrico” o anuncio de axudas a ganderías afectadas pola Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE), argumentando que “as axudas están convocadas en novembro, cando as ganderías levan desde 2023 reclamándoas” e que “son inferiores as doutras comunidades”. O deputado lembrou que outras comunidades tramitaron axudas xa en 2023 e “no anuncio están recoñecendo que o de 2023 era unha miseria” e as axudas que propoñen agora cun investimento de recursos propios de só 2,6 millóns de euros e “20 euros por animal para gastos en accións preventivas, tampouco chega”, remarcou o deputado, que incidiu en que a Xunta de Galicia “só move ficha pola presión e pola mobilización dos gandeiros”, e “polo traballo do BNG nas institucións e nas comarcas”.

A subdelegada traslada a Fademur o seu apoio



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, mantivo un encontro coa presidenta de Fademur, Verónica Marcos, e varias representantes da Federación de Mulleres Rurais, no que destacou o apoio do Goberno ao sector gandeiro da provincia na súa loita contra as enfermidades que afectan ao gando bovino e que están a ocasionar grandes prexuízos económicos ás granxas. Así, aclarou a orixe da liña de axudas anunciadas e lamentou que a Xunta trate de vender como propios uns fondos que son transferidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. A subdelegada informou de que o BOE publicou o real decreto aprobado no Consello de Ministros a pasada semana, que recolle as bases reguladoras das axudas de 23 millóns de euros ao sector gandeiro español para compensar os gastos ocasionados pola Enfermidade Hemorráxica Epizootica, financiar o Programa nacional de erradicación da tuberculose bovina e a compra de vacinas contra o serotipo 8 da lingua azul. No caso de Galicia, as axudas para paliar os danos ocasionados ás explotacións pola EHE ascenden a 2,8 millóns de euros, que representan a metade dos 5,6 millóns anunciados

pola Consellería de Medio Rural para as granxas afectadas. A subdelegada reiterou “a importancia de manter unha lealdade institucional e transparencia para remar todas as administracións a favor e en beneficio das gandeiras e gandeiros galegos”.

Nesta mesma liña engadiu que, pese a que a sanidade animal é unha competencia exclusiva das comunidades autónomas, o ministerio que dirixe Luis Planas decidiu reforzar con fondos estatais as axudas ás explotacións gandeiras para mobilizar máis de 30 millóns de euros no conxunto do país.

As axudas irán destinadas a compensar as perdas de animais, pola desinsectación das explotacións e polos gastos veterinarios incorridos polo gandeiro para loitar contra esta enfermidade, entre os que se inclúen os desembolsos para a adquisición de vacinas para aqueles gandeiros que decidan voluntariamente utilizala.

Desta forma, o Goberno cumpre co seu compromiso de poñer en marcha un programa nacional de apoio económico aos gandeiros afectados pola EHE, unha enfermidade que chegou a España en 2022 e tivo un importante impacto.

O PP levará a cabo xuntanzas

Os deputados do Grupo Provincial Popular abordarán, nunha serie de xuntanzas pola provincia, os problemas para “detectar as necesidades de cada localidade e solicitar a súa incorporación aos orzamentos provinciais do vindeiro ano para que se solucionen”. O voceiro provincial, Antonio Ameijide, explica que “apoiándonos nos representantes de cada municipio podemos coñecer as necesidades que dependen da Deputación. “Eles, ao estar en contacto directo e diario cos veciños, son os mellores coñecedores da situación, polo que sentarnos a escoitalos é o camiño para corrixir as deficiencias”.



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabelimpiezas@gmail.com

CARPINTERIA METÁLICA



NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

láncara

Apróbase modificar o PXOM do municipio



O pleno de Láncara vén de aprobar unha modificación puntual do PXOM, que entrou en vigor en 2013, e que se refire a cambios na delimitación de seis núcleos rurais e da estrutura viaria de cinco. Esta modificación tamén afecta á Pobra de San Xiao, xa que lle dá continuidade á estrada que comunica a glorieta de acceso e a rúa Río Neira, e a modificación do trazado dunha vía grafitada no campo da feira. Ademais, recolle a corrección planimétrica da vía que une a rúa Ro-

salía de Castro e a Julio Iglesias e inclúe a recollida da prolongación da variante do ferrocarril na liña Lugo-Monforte-Ourense. Aínda que todos os partidos coincidiron en que era necesaria unha revisión do PXOM, a concelleira popular, Olga Capón, abstívose, e destacou que “o lóxico” era falar cos veciños. O PSOE tamén presentou unha moción sobre a suba do canon que os concellos abonan a Sogama pola xestión de residuos e foi aprobada.

ESCOLAS DEPORTIVAS DE LÁNCARA



O Concello de Láncara abre o prazo para inscribirse nas Escolas Deportivas de Láncara, que ofrecen cinco disciplinas: fútbol sala, baloncesto, atletismo, bádminton e pádel que se desenvolverán no pavillón municipal da Pobra de San Xiao. A delegación de deportes do Concello de Láncara promove estas actividades extraescolares no curso 24/25 para todos os nenos e nenas do municipio, que se poden apuntar por teléfono e na biblioteca municipal.

triacastela

Preto de 60 artesáns déronse cita na XII Feira de Artesanía

Triacastela acolleu a celebración da XII Feira de Artesanía e Produtos da Zona na que participaron preto de 60 artesáns chegados desde moitos puntos da localidade e tamén das zonas próximas. O encargado de pronunciar o pregón foi o enxeñeiro de Montes Santiago Soria, quen lle puxo data ao castiñeiro centenario de Ramil.

Soria é ademais autor do libro ‘Apuntes botánicos do Camiño de Santiago’ e Recibiu como agasallo unha figura do Peregrino e unha bolsa elaborada polos nenos e nenas do CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela. No seu discurso declarouse un “tremendo namorado de Triacastela” e explicou que a celebración supón tres marabillas: ser unha festa “universal” que reúne a xente da vila e de zonas próximas e a peregrinos



de todo o mundo, o traballo a man dos artesáns que ensinan a cultura material e inmaterial da zona e “a maxia, beleza e historia” que supón a propia vila de Triacastela.

Ademais dos numerosos postos nos que mercar produtos da zona, o programa da Feira completouse

cunha exposición na Fonte do Lunar do Museo escolar do patrimonio triacastelá, varios obradoiros de Artesanía de Galicia, música tradicional cun grupo de gaitas, música e poesía a cargo de Cantigaéverso e a actuación dun contamaxia da man da Furgoteca.

O alumnado do obradoiro Ancares VII comezará os traballos en decembro

O Concello de Triacastela levará a cabo traballos de poda en vías públicas e acondicionará zonas verdes a través dos traballadores dun novo taller de emprego a partir de mediados do mes de decembro. Neste caso, o obradoiro de emprego Ancares VII é compartido con Cervantes, Navia de Suarna e Pedrafita do Cebreiro que, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, servirá para levar a cabo melloras nos diferentes municipios.

Ademais, entre o Concello de Pe-

dradita do Cebreiro e o de Triacastela haberá unha especialidade forestal na que se formarán dez alumnos e alumnas, cinco de cada municipio. En Triacastela, este alumnado terá o labor de limpar as ramas das árbores que se atopan nas vías municipais e tamén se ocuparán de acondicionar algunhas das zonas verdes do Concello.

Desta maneira, os traballos terán unha duración de nove meses, tempo no que 20 alumnos e alumnas recibirán formación teórica e práctica, igual que o alumnado do

taller de emprego que aínda está en funcionamento a día de hoxe, aínda que no seu caso a especialidade é de operacións auxiliares de albanaría de fábricas e cubertas. Este obradoiro de emprego rematará no mes de novembro e así dará paso ao seguinte obradoiro. No caso deste obradoiro a piques de rematar, serviu para mellorar a vía de Viela de García, co fin de recuperar os muros de pedra e a pavimentación da estrada, xa que une a rúa Peregrino co Camiño de Suavila.

O alumnado do CEIP comezou o ‘Club de Lectura do Oribio’

O alumnado do CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela desfrutou da primeira sesión do ‘Club de Lectura do Oribio’, que este ano se vai levar a cabo en horario lectivo. A biblioteca Rosalía de Castro foi escenario do primeiro contactos do curso, traballando o libro ‘El ladrón de hojas’. Tras introducir coa obra a temática ambiental, o profesorado do centro trasladou aos discentes ata a catástrofe dos incendios de Portugal, establecendo un paralelismo real cos lumes que asolaron lugares como O Courel ou mesmo Triacastela a través de vídeos e novas de xornais.

C-27-000501

logopedia Centro de **logopedia** M^o del Mar Tourón 09 de setembro 13/2008

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

GESA ENERGIA

ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanee este código QR e envíenos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!
982 876 681
sarría@xenera.com

XENERA COMPAÑÍA ELÉCTRICA

El potencial comercializador de energía 100% gallega. Concedido de 1.201 euros de bonificación.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de XENERA

Triacastela

Miguel Ángel Fernández leva no PSOE do municipio desde 1987, sendo alcalde 12 anos

Miguel Ángel Fernández, portavoz do PSOE en Triacastela, afiliouse ao partido no ano 1983, hai 41 anos e 5 anos despois, no ano 1987 decidiu formar parte das listas nas eleccións municipais de número 2 e gañaron as eleccións, formando así parte da Alcaldía. Nos seguintes comicios, do ano 1991 non participou, pero no ano 1995 volveu ás listas, quedando o PSOE como oposición, e, ademais, asumiu o papel de secretario xeral do Partido Socialista en Triacastela, cargo que ostenta ata o día de hoxe. “Sempre votei ao PSOE e houbo un momento en que decidín afiliarme e participar politicamente, non me considero un político, son unha persoa normal, pero participo da vida municipal”, explica Fernández.

Con respecto ao papel da oposición no Concello, explica que é “totalmente distinto ao de ser alcalde”, xa que do 1999 ao 2011 Miguel Ángel Fernández foi alcalde polo PSOE en Triacastela despois de gañar os comicios electorais municipais, polo que coñece os dous ámbitos, tanto o de Goberno como o de oposición. Así, sostén que “como alcalde e partido gañador, permitíache realizar labores que considerabas importantes para a cidadanía; mentres que como opositor estás de sufridor en casa, e máis tendo en conta que nos plenos non hai contido, non se trata ningún tema, só se len os decretos de Alcaldía, e non tes opción a manifestar a túa opinión en case nada”. Por isto, denuncia

a situación, que para el “é deprimente porque debater é imposible e os plenos non teñen sentido: vas escoitar os decretos que hai e nese aspecto non se pode facer moito”.

O PSOE EN TRIACASTELA. Pola súa parte, con respecto a como os socialistas axudan a mellorar a vida dos veciños, di que o PP na vila non “deixa facer nada”, polo que cre que falar cos veciños “tampouco serve de moito”. Así, explica que “durante a campaña electoral falamos con moitos veciños e achegámonos a moitas parroquias onde nos comentaron moitas problemáticas que estaban a sufrir polo desdén do Goberno local, que non fixo nada na anterior lexislatura, pero logo vótanlle igual. Hai unha tendencia de votar ao PP, aínda que non faga nada, porque hai moita propaganda e publicidade”, concreta.

Así, especifica que formar parte da oposición no Concello de Triacastela “non ten ningún sacrificio persoal, xa que se estás aí, é porque queres; pero tampouco beneficios, porque non cobramos e dedicamos o noso tempo, e si que nos gustaría debater sobre proxectos a facer no noso municipio, pero non é posible”, sostén o socialista.

A el gustaría volver á Alcaldía, pero “é moi difícil acabar coa maioría absoluta do PP, así como tamén é moi difícil facer unha lista para as eleccións municipais. Eu fun intentando que entrara xente nova e algunha vez non encabecei a lista, pero nesta ocasión tiveron que adquirir o compromiso de facer a lista e tiveron que encabezala eu. O despoboamento e o medo a que te poñan na diana por encabezar unha lista do PSOE son factores determinantes que fan que sexa todo máis difícil. Coñezo algunha persoa moi válida e con ideas de esquerdas á que lle propuxen formar parte da lista e díciame que lle gustaría pero



non podía por non perder clientes.

AS NECESIDADES. Miguel Ángel Fernández di así que hai “moitas carencias” no Concello de Triacastela, pero a principal necesidade no municipio é “que os regulamentos orzamentarios se poñan ao día, xa que hai máis dun ano que o Concello non percibe os fondos do Estado mensuais, de 11.000 euros, porque o Ministerio de Economía ditou resolución por falta de información sobre os orzamentos en Triacastela”. Así, explica que el calcula que levarán retidos 180 mil euros dos que a veciñanza de Triacastela non se beneficia “e non ves que se poña interese para solucionar iso porque eu agora mesmo non sei que orzamento ten activo en Triacastela”, denuncia o portavoz da oposición. Fernández sostén que, en decembro de 2023, se presentou o orzamento para a aprobación inicial de pleno, pero “despois había que publicalo para que as persoas puideran presentar alegacións e volver a pleno para quedar aprobado, pero nos últimos 10 anos nunca se publicou unha aprobación inicial de pleno, co cal non sei como funciona realmente”.

E engade: “Que o Ministerio de Economía tome a decisión de suspender e reter os fondos que lle

corresponden ao municipio por cumprimento da lei orzamentaria é moi grave e non se fai nada, porque no pleno cando foi a aprobación inicial dos orzamentos, eu esixín que no máis próximo, en xaneiro de 2024, presentaran os orzamentos de 2024 para en outubro ter os de 2025 e cumprir coa lexislación, e non se cumpriu nada. En decembro volverá a propoñerse o orzamento de 2024, non se publicará e seguiremos igual”.

Por outra banda, di que outro problema que hai é que non se facilita a información do Concello. “Temos unha solicitude de información do anterior portavoz do PSOE de decembro de 2022 que se reiterou posteriormente e aínda non sabemos nada. Pides unha información por escrito e rexistro e nin cha dan e é moi frustrante”, denuncia.

Pero incide en que “o máis grave é estar 16-17 meses cos fondos do Estado retidos, xa que ao non ter eses fondos, non se fan roce de camiños, non se recollen os plásticos de silo, o mantemento das infraestruturas é lamentable... Hai unha depuradora deteriorada que se vai ampliar da man de Augas de Galicia para abastecer aos peregrinos, pero despois dun ano estará abandonada outra vez porque ten que haber mantemento”, conclúe.

**FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

MADERAS GUILLAR

COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO: CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO
(fincas de calquera tamaño)

ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)
660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

“Eu quería saír do campo, era inxusto como nos trataban”

Pura López é a autora do libro autobiográfico ‘La niña que quería ser pájaro’, unha muller nada en San Martiño da Torre, no Páramo

‘La niña que quería ser pájaro’ vai da vida de Pura López, da infancia, do que non entendía, da relixión, dos costumes, da violencia contra os pequenos... Por iso, o libro está ambientado no Páramo, onde trata o tema das heranzas, da posguerra, da xente, dos labradores e da diferenza de clases, “que era moi marcada e eu non o entendía. Aos señores había que facerlle o paso. Eu non entendía a desigualdade”, explica.

Pura López, paramense, viviu na parroquia onde estaba situado o Concello antes de que se trasladara ao Campo da Feira, ata os 17 anos, cunha infancia e adolescencia complicada. “Eu non quería vivir aí, non me gustaba o campo, e ademais tiven unha vida moi dura. Eu quería estudar, pero non había maneira; miña nai tiña cartos e podía estudar pero non os quería gastar niso. “¿Para que queres estudar?”, dicía miña nai, e eu contestáballe: “para o que sexa, eu quero estudar”. Á escola, de pequena, case non ía porque eu era moi travesa e como facía moitas travesuras, o único castigo que funcionaba comigo era

quitarme de ir á escola”, explica. Desde pequena tiña ansia por aprender e ler, polo que collía os xornais que traía seu pai e quedaba á noite coa luz do candil lendo. “Fíxate se me gustaba”, subliña. “Eu era unha nena rara porque era diferente ás nenas da miña idade. Aos 15 anos facían un enxoval e eu o único que quería era largarme a onde fora”.

De aí vén o título do seu libro; ‘La niña que quería ser pájaro’, a súa primeira obra de narrativa, xa que Pura López sempre tivo a necesidade de saír do seu pobo. “Tiña unha tía en Bos Aires e eu quería irme coa tía, quería voar, envexaba os paxaros. A miña nai, ademais, cantábame unha canción das andoriñas e eu quería ser unha delas, quería irme a América porque aquí non quería estar”, sostén.

Así, explica que a súa nai deixou un gran pouso no seu carácter: “A miña nai era moi ancestral e chocabamos moito. Pegábame unha malleira case cada día porque meu irmán e eu coidabamos das vacas todo o día, tirábonos no prado e quedabamos durmidos.

Cando as vacas escapan, e miña nai cando se decataba, zurrábanos e máis a min, que era a maior, e eu atopaba iso inxustísimo. Eu envexaba os nenos dos reformatorios, eu quería marchar, quería voar.

Ademais, engade que lle molestaba moitísimo como trataban á xente do campo, aos labradores, “como cidadáns de segunda”; e como moitos non sabían ler nin escribir, “intentaban enganalos”. Con todo, a situación das mulleres naquela época, que xa era complicada, era peor. “Meu pai tiña un primo que era médico e que lle dicía a meu pai que o mellor que podía facer comigo era casarme, e meu pai contestáballe que as súas fillas estudaban, pero o médico repetía que era mellor que casara. Cando tiven 15 anos a miña nai falou coa dun primo meu e querían xuntarnos, e cando mo dixon, púxenme como unha moto, dixen que nin pensalo”, argumenta. “Eu tiña tantas ganas de saír, que pensei en facerme monxa, pero miña nai opúxose absolutamente e enfrontouse co cura. Nese momento non o sabía, pero tivo toda a razón, porque se me tivera metido monxa sería un desastre”.

Na adolescencia, a situación de Pura López, que conta no seu libro autobiográfico, non mellorou. “Collín unha depresión moi forte porque non sabía que facer, tratábanme como se fora unha rapaza rara, non saía moito... entón, díxenlle á miña nai quería coser, e fun coser á casa dunha veciña, e logo fun traballar a Lugo a casa da modista Lugiilde, a mellor de Lugo. Como non me gustaba, fun mirando que podía facer para estudar e faláronme do



nocturno. Grazas a unhas monxas en Santo Domingo que preparaban para Bacharelato, comecei a estudar con 19 anos mentres traballaba cosendo roupa. Ao final do curso, cando tiña que volver a casa, atopei traballo coa modista Lugiilde, pero iso non era vida porque non aforraba nada, non chegaba a fin de mes e busquei opcións”. explica.

UN CAMIÑO DIFÍCIL. “Un día no instituto, xa en segundo, escoitei que unhas rapazas falaban de Telefónica e fun inscribirme. Así, chamáronme para Telefónica de Barcelona, e marchei coa miña nai estando en contra. Así, comecei a traballar en Barcelona, pero ao ser todo novo para min liábame moito, e ao haber tanta competencia entre as compañeiras, deixei de comer, tiña unha tristeza tremenda, non me adaptaba á cidade, e estaba tan abafada que collín unha anemia e tiven que volver a casa, onde miña nai, ao chegar, díxome que non valía para o mundo e que a ver se atopabamos algún labrego que me quixera. Cando me recuperei, en outubro, volví a Barcelona para coser cunha modista, pero non me gustaba, polo que empecei a buscar clínicas sanitarias, que era

o que me gustaba”, conta López. No seu libro autobiográfico conta como un día subiu ao autobús para coñecer mellor a cidade e parou no Hospital San Pablo: “Encantoume e ao día seguinte fun entrevistarme co xerente do Hospital, que tiña ascendentes galegos, e co que comecei a traballar o 21 de decembro en neuroloxía. Traballei en horario nocturno e moito polas folgas que protagonizaron unhas estudantes de Enfermería. Despois, ao cambiarnos as quendas, puxéronme en horario de día, co que non podía estudar, xa que eu empezara 3º de Bacharelato, polo que estiven dous meses fatal, sen comer, e incluso estiven ingresada polos nervios, ata que me volveron poñer de noites”, comenta.

Despois de neuroloxía, Pura López, que no libro aparece como Elvira Castro, pasou a dixestivo e, finalmente, a partos, onde seguiu o resto da súa vida laboral. “Con 22 anos comecei a traballar de comadroua e aí seguí ata que me xubilei no 2015. Ademais, despois de Bacharelato fixen a carreira de Enfermería, a de Psiquiatría, o curso de Matrona e traballei en varios hospitais, como en Manresa”, sostén.

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

**Peluquería
Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27800 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

INFANTIL PRIMARIA ESO



O AMOR POLA ESCRITA. Pura López sempre quixo escribir, xa que lle encantaba ler e sentíase unida ás historias das novelas, pero non puido desenvolver a súa paixón ata despois de xubilada por estar moi enfocada ao seu traballo e a crianza das súas fillas.

“O meu traballo fíxome moi feliz, por iso deixei a escritura para cando estivera xubilada. Así, con menos cargas, metínme a teatro e a baile, que sempre me gustou, e empecei a escribir os cortos de teatro que facíam alí, había un señor que era avogado ao que lle gustou moito un corto que escribín sobre o Nadal e animoume a escribir narrativa. Empecei así a ir ao Ateneo de Barcelona en 2019 no Ateneo e, despois da Covid, momento no que case falezo, decidín escribir o meu libro autobiográfico, algo que lle prometera facer ás miñas fillas se saía de alí”, explica Pura.

Desta maneira, presentouno por primeira vez no Hospital San Pablo, onde traballou, e logo tivo lugar a presentación a finais de agosto no Páramo e en Portomarín, “onde me sentín moi arroupada por todas as persoas que estiveron na presentación e sobre todo pola miña prima Matilde, que foi quen or-

ganizou todo e houbo moi boa colaboración co Concello do Páramo. Síntome súper ben por toda a acollida que está tendo a obra, tanto en Barcelona, como en Sitges, que é onde vivo eu, como no lugar de onde veño, no Páramo. Síntome súper feliz por todas as persoas que vos preocupades por min, pola miña obra e pola miña vida, que ao final o libro, con nomes cambiados, vai do que vivín”, argumenta.

López sostén que cre que o libro xa publicado xera “empatía, compaixón, cariño... A maioría das persoas que mercaron o libro destacan a miña capacidade de resiliencia en superar as cousas que me pasaron durante a miña vida e que eu fun capaz de perdoar a seguir adiante”. Así, adiante que o libro comeza cunha chamada de teléfono avisando a Elvira de que a súa nai está a piques de morrer e ela, despois dunha garda de 36 horas no hospital, marcha a Lugo en avión.

No traxecto, lembra todos os momentos que pasou ata chegar ao momento actual e o libro remata cun reencontro entre nai e filla no que se piden perdón mutuamente.

Con todo, cre que “escribir é unha escravitude, pero unha

escravitude que a min me gusta porque hai que escribir, ler mil veces, repasar, ver se ten sentido o que está posto... aínda que eu vou ao concreto e conto as cousas como son, que ademais me leva moito tempo porque non me manexo ben coas novas tecnoloxías”, explica.

A SÚA PRÓXIMA OBRA. Por iso, xa está empezando a escribir outro libro no que quere contar a vivencia dos sanitarios durante a pandemia da Covid.

“Eu empecei a ter síntomas de Covid o día de San Valentín. Había unha forza que tiraba de min, pero eu non quería marchar. Mentres estiven en intensivivos, tiven a sorte de que miña filla era enfermeira e veu verme, pero moitos non puideron despedirse dos seus seres queridos. Ademais, quero facer unha especie de denuncia e ponderar a enfermería, xa que as enfermeiras españolas son as mellores e están desfacendo a sanidade. Eu quería escribi-lo para as miñas compañeiras como un recoñecemento, para os mortos que marcharon sen a calor dos seus familiares, lembrar o medo e pánico que tiñan as enfermeiras de chegar a casa e contaxiar aos seus familiares”, conclúe.

Raúl Taboada López vén de compoñer a ‘Pandeirada do Páramo’



O escritor paramense Raúl Taboada López compuxo a Pandeirada do Páramo, unha composición de versos falados dos que se influíu de Rosalía de Castro, xa que os dous primeiros son dela, pero o resto saíron do escritor.

Desta maneira, o escritor quere homenaxear O Páramo, a súa vila natal, como forma de gratitude e recoñecemento, xa que é onde naceu e aínda ten moito contacto co municipio. A cantiga, na que se fai referencia á súa infancia no Páramo, son protagonistas as xuntanzas dos veciños e veciñas nas que se celebraba algo especial. Aínda que o escritor sostén que lle xurdiu a idea de compoñer esta cantiga nunha visita ao Courel. Concretamente, durante unha saída de turismo rural a Vilamor, o escritor cantou unhas cantigas galegas e saíulle a letra da pandeirada, que agora quere dar a coñecer e rexistrála como propia co obxectivo de espallar dita canción como un recoñecemento ao Páramo.

A pandeirada está interpretada pola súa filla, Mónica Taboada, Loly Hermo e Teresa Iglesias ás voces, e Iglesias tamén se encarga da percusión. Para os arranxos finais da canción, Felipe Mariño foi o posprodutor da canción e do vídeo que acompaña á pandeirada.

O PÁRAMO, PRESENTE. O escritor paramés, ademais, publicou o pasado mes de xaneiro a súa sexta obra, ‘Episodios, Escolma de Andainas’, retomando así a súa obra en lingua galega.

Esta obra, que se compón de relatos curtos, ten moitas referencia ao Páramo, á familia e ten unha intención didáctica cara aos seus lectores sobre o comportamento con respecto ao diñeiro e coas persoas.

O máis interesante é que ten reflexións e tamén pinceladas biográficas.

Con todo, dedica un capítulo enteiro ao Páramo, a súa terra natal, que di estar sempre no seu corazón.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.



paradela

O Concello celebrou a XXIX Festa dos Avós



A XXIX Festa dos Avós do Concello de Paradela celebrouse no mercado gandeiro, onde se reuniron centos de maiores do municipio. Todo comezou ás 11.30 horas coa recepción de autoridades e invitados, ás 12.00 horas tivo lugar a actuación da Banda de Música de Paradela e ás 12.30 horas o acto de homenaxe a Xesús Mato, co descubrimento dunha placa que nomea ao Centro Polifuncional de Paradela na súa honra. O xerente

do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, participou e presenciou o acto de lembranza a Xesús Mato, que foi fundador de Fuxán os Ventos e Medalla Castelao no 2018. Despois, o Orfeón Lucense actuou para os presentes e tamén o fixo durante a misa que se celebrou ás 13.30 horas. O xantar foi ás 14.30 horas e pola tarde houbo sorteo de agasallos e unha actuación da Banda de Música de Paradela.

MELLORAS NOS CAMIÑOS DO MUNICIPIO



Mellorouse o camiño da LU-P-4201 a Vadacouto, obra financiada pola Ageder dentro do Plan marco mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025. Ademais, tamén se acometeron obras de pavimentación dos accesos ao lugar de Bacorelle, situado na parroquia de Castro de Rei, unha obra cofinanciada con remanentes do Plan Único 2023.

Aproban un convenio para crear iniciativas no encoro de Vilasouto

O pleno da corporación municipal do Incio aprobou en pleno a acta da sesión anterior e o suplemento de crédito derivado da participación nos tributos do Estado, que supón unha contía de 70.000 euros e que se usarán para a reparación de estradas, mentres que o Fondo de Cooperación Ambiental da Xunta, de 6.000 euros, será utilizado para pagar a suba do canon de Sogama.

Ademais, tamén foi aprobado levar a cabo un convenio coa Federación Galega de Piragüismo cos votos a favor tanto do PP como do PSOE para fomentar o desenvolvemento de actividades no encoro de Vilasouto despois de que se celebrara a sexta e última regata da Copa



Deputación de Piragüismo.

O plan é establecer pautas de colaboración co organismo deportivo para que o encoro de Vilasouto acolla probas deportivas, xa que forma parte da conca do río Mao e é navega-

ble desde o ano 2021 para embarcacións sen motor. Aquelas con motor non poden circular, xa que no encoro está a toma para o abastecemento de auga de Bóveda e tamén se emprega para o regadío do Val de Lemos.

A veciñanza poderá desfrutar de novas actividades nas aulas musicais e baile

O Concello do Incio, en colaboración coa ANPA Ricardo Gasset, ofrece este curso clases de instrumentos na aula de música e baile tradicional. As clases darán comezo a semana do 14 de outubro.

Con respecto ás clases de música, serán os sábados pola tarde e impartidas por Daniel Fernández López. Así, música e movemento será ás 16.15 horas para nenos entre 4 a 7 anos; gaita será ás 17.00 horas para nenos de máis de 8 anos e adultos; percusión infantil será ás 18.00 horas para



nenos de máis de 8 anos; percusión adultos será ás 19.30 horas, e acordeón será ás 20.45 horas tanto para nenos maiores de 8 anos e adultos. Pola súa parte, as clases de baile serán os mércores e serán impartidas

pola profesora Branca Albán. Así, ás 16.30 horas terá lugar a clase de baile infantil para maiores de 4 anos e ás 19.30 horas terán lugar as clases de baile adultos para maiores de 13 anos.

O deporte tamén formará parte das actividades da vila

O Goberno local do Incio promove para este novo curso 2024-2025 novas clases de pilates, ximnasia de mantemento e zumba.

Destá maneira, as clases de pilates son os luns e xoves ás 17.00 horas no Val do Mao e os martes e venres ás 17.00 horas en Vila de Mouros. Pola súa parte, tamén se imparte a clase de ximnasia de mantemento para as persoas de idade máis avanzada os luns e venres ás 11.00 horas, así como tamén se oferta zumba, tendo lugar os sábados e o 3º e 4º venres do mes ás 20.30 horas.

Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

“A música tradicional vai máis alá, ten relación con como vives”

A inciá Carme López Fernández é unha profesional da música tradicional galega e docente na Universidade de Santiago de Compostela

De onde vén o seu amor pola música?

Cando somos pequenos os pais ofrécenlle posibilidades aos seus fillos para ocupar o tempo libre e eu sempre me inclinara cara a cuestións artísticas. Así, decanteime pola gaita sobre os 7-8 anos e ía unha vez a semana a Sarria, que non me queda lonxe porque eu vivo en Rubián de Cima, que está máis preto de Sarria que da Cruz do Incio. Así, empecei tocando a gaita en Sarria, na Asociación Cultural Peleríños, e despois tamén a cantar e tocar a pandeireta; e despois fixen os estudos en gaita.

Cóntenos desde o incio ata agora a súa traxectoria musical.

Pois empecei en Peleríños tocando a gaita e ía a clases, a actuacións, tocaba para os grupos de baile... Así, fun interesándome e adquirín habilidades e despois decidín facer grao profesional de conservatorio en Vilalba, compaxinando os meus estudos da ESO e Bacharelato. Despois, seguí mentres estudaba Educación Primaria. Rematei en Vilalba o grao profesional e fixen o grao de acceso superior, que equivale a grao universitario, coa especialidade en instrumentos de tradición popular de Galicia en Vigo. Unha vez rematado o grao, fixen un Máster en Investigación Musical e logo seguí cun doutorado en Artes e Humanidades, elaborando unha tese sobre a Música Tradicional Galega, enfocada no repertorio vocal das mulleres do lugar de Liñares en Avión, Ourense. Actualmente, traballo como profesora na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela como profesora de Expresión Musical e son intérprete tamén.

Realizou charlas e cursos en diferentes centros educativos.

Ademais de intérprete, eu sempre estiven vinculada á docencia, xa que traballei en escolas de música, en Anpas... e unha das cousas que fixen nesa etapa eran concertos didácticos, un recurso que se traballa moito na música tradicional, que consiste nun obradoiro de situacións vinculadas coa tradición, pero o máis practico posible. Tráballanse ritmos e xéneros co fin de contar cousas, pero tamén se intenta que o alumnado toque con instrumentos de percusión. Como profesora na universidade, tamén traballo coa música tradicional co alumnado e sempre a utilizo como

medio para explicar cousas. Tamén fixen concertos didácticos co Concello de Vigo estes dous últimos anos, mentres compatibilizaba o traballo na universidade, pero agora mesmo non teño nada axendado porque estou ata arriba; pero desde distintos lugares séguense mantendo ese tipo de actividades.

Por que son interesantes estas iniciativas nos centros educativos?

Nos centros educativos búscase facer colaboracións con entidades que veñan contar o que sexa, como as agrupacións ou persoas relacionadas coa música para que o alumnado vexa a realidade máis

sante. Ademais, dependendo da túa contorna, podes ter un vínculo coa música ou non. Por exemplo, a música tradicional está a vivir un momento de expansión por exemplos como Tanxugueiras ou polo himno do Celta composto por C Tangana, pero o estudo da música tradicional sempre estivo vinculado ao ocio, non é unha cousa recoñecida como a música académica e en moitas ocasións hai que acudir a profesionais concretos porque o profesorado non ten coñecementos suficientes e é importante que se achegue para saber de que vai o asunto: que non é unha postal fol-



alá da escola e entenda a relación co entorno. Está xenial que os entes educativos acudan a axentes alleos, e no caso da música é máis importante porque aínda que haxa material, os cartos son os que son, e un colexio non é un conservatorio. A chegar instrumentos ou agrupacións musicais ao alumnado que na escola non se ve é intere-

clórica e o mundo da música tradicional é unha cuestión viva.

Os nenos e nenas teñen inquedanza pola música galega?

Depende moito do lugar, depende do ámbito, se é rural ou urbano; e tamén das agrupacións que haxa na zona en concreto. Por exemplo, en Sarria hai escolas moi potentes, polo que os nenos xa están vinculados e nas escolas ves que xa están



máis abertos a escoitar músicas, pero se non estás aberto, só vas escoitar o que te chega, que é música procesada e baseada na imaxe e difire da realidade de cando ti colles un instrumento.

Por que é importante levar a música galega por onde vai?

Todas as músicas tradicionais vincúlanse co sentimento de identidade e pertenza a un grupo, e eu teño ese arraigo de galega á terra, de pertenza a unha terra con características concretas, e é importante esta idea de saber onde vivimos cara a onde imos e que é o que nos define como sociedade, o contexto no que vivo e o por que das cousas. Unha das cousas que máis me marcaron na miña traxectoria foi o contacto coas informantes, as mulleres que cantan, ese contacto persoal e de entender que a música vai moito máis alá da música; está conectado con como vives, con quen vives, con que te relacionas, como te sentes... O traballo coas mulleres que cantan é algo que a min me move moito, é un sentimento parecido ao que temos cos avós. Na música galega traballas con persoas. É diferente cando ti cantas algo que te ensinou unha señora, a se interpretas unha partitura de Mozart. É algo que me marcou moito e que me fai aprender moito. Ademais, teño en conta a perspectiva de xénero, preocúpame e investigo moito, xa que son elas, na súa maioría, as que cantan; e penso moito na súa maneira de

ser. Cando buscas referentes, para min é este tipo de muller galega que che abre a casa, que che dá todo e é unha aprendizaxe vital espectacular.

Presentou o seu novo proxecto durante a Romaxe no Camiño.

O proxecto que presentei leva tempo formándose e cambiando cuestións, foi unha evolución natural ao longo destes anos e agora en novembro sairá o meu próximo disco baixo o proxecto de ‘Carmela’. Consiste en versións de música vocal de tradición oral centradas coller unha canción, escoitala na fonte primaria e fixarme como canta a señora, enfocándome no sentimento que me produce e entendendo o contexto de por que se cantaba así. É sumar o meu traballo de investigación e de intérprete, dando como resultado pensar un pouco máis nelas e no significado. Tendo o disco, agora estamos preparando un novo directo constituído en formato de trío: eu cantando e dúas compañeiras, Camille Hedouin e Sara Méndez. A verdade é que estou moi contenta por actuar na Romaxe no Camiño porque tocar aquí é tocar na casa e agrádecese moito porque sempre estas por fóra e tamén presta estar aquí.

Que proxectos ten de futuro?

Estamos traballando no lanzamento do disco, e eu compaxino este proxecto con outro de música experimental, ‘Quintela’, que é a casa dos meus pais.

STIHL

PRESUME DE JARDÍN

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÓBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL

Ferretería Sarriá

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202

Vazquez Autos

pelayo Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

O Mosteiro acolleu o concerto de Malandança



O Mosteiro de Samos acolleu o concerto de Malandança no dentro do I Ciclo de Música Medieval Lugo: De Trovas e Cantigas promovido pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo que contou, neste caso, coa colaboración do Concello de Samos. O concerto medieval, que estivo “cheo de sensibilidade e emoción”, tal e como explican desde o BNG,

tivo como protagonistas instrumentos construídos a partir dos representados no Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela. A formación Malandança, especializada en música medieval interpretou un conxunto musical formado por cantigas de Santa María escritas na corte de Afonso X durante o século XIII.

Impártense novas actividades deportivas

Samós acolle unha nova actividade deportiva neste curso 2024-2025 da man de Julieth, con 10 anos de experiencia en actividades dirixidas.

Así, as clases serán de *Stretching Flow*, que consiste en clases de mobilidade en grupo que fusionan ioga e pilates e á que se poden apuntar todas as persoas interesadas en probar, xa que unha sesión é gratuíta.

A través de exercicios dinámicos, de flexibilidade e respiración con música relaxante, as persoas que desfruten da actividade liberarán ao corpo de dores e tensións. Con ela, con-

seguirase mellorar a coordinación e equilibrio, reducirase a rixidez, mellorará a capacidade de movemento e a axilidade, desestraxase o corpo e ademais pasarase un rato ameno e divertido en compañía.

Ademais, como todos os anos, o pavillón do colexio de Samos acolle os martes e venres, ás 18.00 horas, as clases de zumba.

E engádesse unha nova actividade no municipio, ‘Círculo mobility’, que terá lugar ás 19.00 horas tamén martes e venres no pavillón do colexio, despois das clases de zumba.

A exposición fotográfica de Mercedes Vázquez aínda pode visitarse

A fotógrafa sarriá Mercedes Vázquez, que expuxo a súa obra ‘Traballos do campo’ na antiga prisión preventiva da vila, vén de inaugurar outra das súas exposicións, ‘Mulleres’ na antiga biblioteca municipal de Samos. Acompañada da alcaldesa, Chus López; o presidente da Asociación de Empresarios de Samos, a única monxa que queda no Mosteiro de Samos e demais amigos e amigas da zona; Mercedes Vázquez mostrou a súa recompilación de fotografías sobre mulleres.

Desta maneira, ata o vindeiro 28 de outubro poderá visitarse esta mostra en horario de luns a ven-



res de 09.00 a 13.30 horas, aínda que se algunha persoa quere visitala noutro horario, poderá solicitalo no Concello de Samos. A fotógrafa sostén que “para min Samos é moi importante, porque pasei moitos veráns na casona solitaria de Veiga de Reiriz, onde

fun libre, correndo polas leiras adiante. Algunhas veces fun coa miña curmá Menchu, e alí vivía un rapaciño que viña con nós no burro. Os nenos desfrutabamos do baño no xeadro río, ao carón da ponte, pero tamén participabamos dos traballos do campo.

Constitúese o Obradoiro Benito Feijoo cos seus primeiros oito membros

O Obradoiro Benito Feijoo, promovido pola Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, celebrou un acto de inauguración da súa actividade na biblioteca municipal samanense o pasado 28 de setembro.

A iniciativa, que ten carácter ‘protector e voluntario’, ten o obxectivo de contribuír á promoción cultural e económica do municipio e desta maneira foron nomeados os primeiros oito membros: Gerardo Ibarra, prior do Mosteiro; Luis Ceireiro, xornalista e escritor; José Manuel Salgado, xornalista e fotógrafo; Jesús García, avogado; Marica



Campo; escritora; Xaime Féliz López Arias, Arlindo, profesor e investigador; Manuel Pombo, director e catedrático en Pediatría e Víctor Fraga, secretario xeral da Subdelegación do Goberno en Lugo.

O presidente da Asociación, José Fernández, puxo en valor o obradoiro, que achegará distintas sensibilidades dentro da curiosidade intelectual, cívica e profesional e pensando na promoción cultural.

O PP critica accións do Goberno local

O voceiro do PP de Samos, Miguel Gallego, volve denunciar a “situación no SAF, á que se suma o centro de maiores”, que di, “teñen unha escaseza importante de persoal e tentan suplilos con traballadores municipais”. Pola súa parte, desde o Goberno local veñen de crear novas bolsas de emprego persoas que queiran traballar como coidadores no SAF e nas vivendas comunitarias. Os concelleiros do PP tamén se interesaron polo estado das rozas, e criticaron que o equipo de Goberno votou en contra da moción que presentaba o PP sobre a recollida de residuos voluminosos porta a porta para levar ao punto limpo.

SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo



ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA



HORARIOS

DE LUNS A SÁBADO

Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS

De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA

www.facendafarruquino.gal

DEPUTACIÓN

O Pleno reclamará á Xunta que resolva a falta de profesorado

A Deputación esixiralle á Xunta que resolva a falta de profesorado e recupere a gratuidade dos libros de texto neste curso escolar que vén de comezar. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de setembro tras a proposta de Goberno, que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG, do BNG e coa abstención do PP.

Explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que un ano máis, “como vén sendo costume dende o 2009” o inicio do curso académico en Galicia revela a distancia que medra entre a actitude “triumfalista” da Xunta e as carencias que denuncian as familias, os mestres e a comunidade educativa. “A Xunta ofertaba nas últimas oposicións 1.512 prazas de novos profesores, pero só cubriu 1.256. As 256 prazas non cubertas eran un capricho administrativo? Non obedecían a necesidades reais? Non hai entón unha falla de profesores?”, preguntou no Pleno García Porto.

“Dicir que a educación infantil é de balde é un xeito de agochar a falta de prazas públicas en escolas infantís”, denunciou García Porto. A Xunta asegura que coas 32.000 prazas dispoñibles, sumando a oferta pública e privada, está escolarizado o 56,4 % dos nenos entre 0 e 3 anos. “Se as cifras que ofrece a Xunta son fiables, a aplicación dunha simple regra de tres revela que farían falla máis de 25.000 prazas en escolas infantís para atender ao cento por cento da poboación infantil e as necesidades de conciliación das familias”, engadiu. Reprochou tamén que non se pode falar de gratuidade na educación primaria e na ESO cando unha



familia continúa a gastar de media uns 600 euros de media en libros e material escolar cando arranca o curso.

Unhas carencias que, segundo explicaba García Porto, afectan gravemente á provincia de Lugo e especialmente aos concellos do rural.

O texto da proposta aprobada reclama tamén que se garanta a presenza dos profesores de apoio para todos os nenos e nenas con necesidades educativas especiais, que se cumpran as ratios de alumnos por aula pactados cos sindicatos e que se presente un plan para incrementar as prazas de educación infantil ata garantir a plena escolarización nesa franxa de idade.

Medidas para evitar a suba do canon de recollida de lixo

O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que tome medidas para evitar a suba da taxa de tratamento de lixo aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor dos socialistas, do BNG e cos votos en contra do PP.

Co acordo adoptado no Pleno, a institución provincial esixe, por unha parte manter o canon establecido aos concellos galegos de 66 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada; manter a anterior bonificación do 15% deste canon unitario; que se reparta a contía de 12,1 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos; que se achegue a Sogama a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificación no canon dos concellos; incrementar as subvencións aos concellos para implementar medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos; que se constituía unha comisión de traballo entre Sogama, as Consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025; e ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de Xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022.

Escollidos os gañadores dos Premios de Turismo e Gastronomía



A reunión do Consello Provincial de Turismo deu a coñecer os sextos Premios á Excelencia de Turismo nas categorías de Lugo Cambia ao Turismo Lucense, e, ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, e ao Turismo Sostible. Uns premios instaurados por este órgano participativo e consultivo que creou a institución provincial.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense o xurado distinguiu A Ruta dos Lobos da Fonsagrada e a Mina Consuelo e Boulloso da Pontenova; na de ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense premiouse á Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite de Ribas de Sil, e a Feira do Capón de Vilalba; e na de Turismo Sostible cun único premio foi concedido ao Barco Museo Reina del Carmen de Burela, e outorgouse un accésit á Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu).

“Estes galardóns, instaurados por este órgano participativo e con-

sultivo que creou a institución provincial, representan un merecido recoñecemento ao traballo e á traxectoria exemplar de empresas, persoas, institucións ou entidades no ámbito do turismo e a gastronomía da provincia”, explicou Pilar García Porto.

A decisión adoptada polo Consello Provincial de Turismo debe ser agora aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, como órgano competente para a resolución da convocatoria dos distintivos, e posteriormente publicárase no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Os premiados recibirán a súa distinción nun acto que celebrará a institución provincial o vindeiro 27 de setembro, con motivo do Día Mundial do Turismo.

O xurado estivo formado por 18 persoas que forman o Consello de Turismo, vinculadas a este sector e coa presenza de representantes dos tres grupos políticos da Corporación provincial.

Firman un convenio para impulsar a investigación tecnolóxica

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, mediante o cal a institución provincial achega a esta entidade un total de 9.500€. Trátase dun acordo entre a Deputación, a USC, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) para promover actividades de investigación tecnolóxica, favorecer a difusión no medio económico e social e impulsar a súa dinamización a nivel interno entre a propia comunidade universitaria.

As iniciativas que se inclúen nesta colaboración e que se desenvolven a través do Campus de Lugo van dirixidas a dar a coñecer entre o profesorado da Universidade os proxectos e as convocatorias de I+D+i realizadas por distintos organismos e entidades a nivel autonómico, estatal e internacional. Nesta actuación inclúese tamén o apoio, mediante persoal técnico, na elaboración de propostas das distintas convocatorias. Así mesmo, tamén se introduce a captación de recursos e proxectos para diferentes áreas e a difusión dos resultados

dos proxectos e actividades de I+D+i do Campus de Lugo nos medios de comunicación, o que favorecerá a transferencia de coñecemento ao conxunto da sociedade.

O orzamento total deste convenio ascende ata os 62.800 euros, dos cales Caixa Rural Galega achega un total de 50.000, a Universidade 3.300 e a institución provincial a contía restante -9.500-.

No acto de sinatura, o mandatario provincial recordou que a Deputación mantén unha colaboración activa coa Universidade de Santiago de Compostela.

ASOPORCEL



A Área do Medio Rural da Vicepresidencia reforzará a colaboración con Asoporcel para colaborar no financiamento das iniciativas de promoción do consumo de carne desta raza autóctona que a asociación de criadores desenvolverá coincidindo co 25 aniversario. Daniel García mantivo un encontro de traballo con representantes da entidade, na que se acordou unha colaboración excepcional de 12.000 euros e na que se puxo en relevo o traballo desenvolvido pola entidade na recuperación da raza e na promoción dos seus produtos nas feiras e mercados de proximidade como un referente de calidade.

DEPORTES

Traballo e formación, as claves na SD Sarriana



A Sociedade Deportiva Sarriana comeza a tempada de fútbol con ganas e forza, e o primeiro equipo, de 3ª RFEF, xa conseguiu catro vitorias que os coloca 2º na clasificación do grupo 1. "Imos intentar loitar e estar na primeira liña de fogo para xogar, polo menos, os *playoff*". Hai un gran equipo de profesionais tanto de xogadores como do corpo técnico que dirixe Jaime Paz", sostén Josito, coordinador do equipo de Sarria.

Con respecto ao sénior B, que se atopa en 3ª FUTGAL, ten como obxectivo ascender a 2ª FUTGAL, ademais

de dar continuidade aos rapaces que veñen de categorías inferiores de cara a ir formándoos para chegar ao primeiro equipo. Con respecto aos equipos da canteira, a categoría Infantil, que está en 1ª FUTGAL, quere "manter a categoría", mentres que na categoría de xuvenil o obxectivo é, polo menos, "xogar a fase de ascenso e intentar volver a Preferente", estando actualmente en 1ª FUTGAL. "Levamos moitos anos de formación e imos pelexar e traballar de cara ás posibilidades que temos cos obxectivos que nos marcamos", argumenta.

A SD O Páramo vai sumando vitorias contra varios equipos

A SD O Páramo comezou con moi bo pé esta nova tempada 2024-2025 da que forman parte Marcos, Chivas, Miguel, Pepe, Héctor, Jorge Lombardía, Joni, Juan, Borjita, Hugo Gallego, Ruodri, Reija, Dani López, Marcos Barrio, Dani, Álex, Hugo Dono, Hache, Antón, Nolo, Julio e Ricardo.

Desta maneira, durante os catro partidos que veñen de xogar en Segunda Futgal Lugo Grupo Sur perderon o primeiro partido contra o Club Lemos B, pero empataron co SDC Santa Comba e gañaron ao Quiroga F.C. cun 2-1, e ao CF Friol, cun 0-1 no campo do Friol.

A XII Ruta 4x4 da Comarca de Sarria será en novembro

O Concello de Sarria coa colaboración de Os Carro x Catro organiza, un ano máis, a décimo segunda da Ruta 4x4 da Comarca de Sarria os días 15, 16 e 17 de novembro. A iniciativa acollerá arredor de 400 vehículos e 650 participantes de toda Galicia e do resto de España, entre os que destacan moitos de Asturias, Castela e León e Madrid.

Así, todo comezará o venres 15 co pincho de benvida pola noite e, a continuación, desenvolverase unha ruta nocturna polos arredores da vila sarriá. Xa o sábado, 16 de novembro, a partir das 8.30 horas comezará a Ruta 4x4 da Comarca de Sarria, que percorrerá os concellos de Sarria, Láncara, Baralla e Samos, onde pa-



rarán a comer no campo da festa e rematará en Sarria, onde terá lugar a cea de gala ás 21.30 horas.

Finalmente, o domingo 17 será o último día, durante o cal terán lugar as probas de obstáculos e velocidade que se desenvolverán no trazado do

Morelle. Así, haberá categorías diferenciadas para todoterreos, *buggies*, *quads* e motos. Ao mediodía terá lugar unha comida no Restaurante Camping Vila de Sarria, onde tamén se entregarán os trofeos e pezas e materiais, valorados en 2.000 euros.

Dúas distancias para adultos e outras dúas para nenos na Ruta Corga's

A Ruta Corga's de Sarria do DHG Team que se celebrará o 13 de outubro constará de dúas distancias para adultos e dúas para a versión da ruta infantil. Con respecto á ruta de adultos, terá dous percorridos ciclables e adaptados a todo tipo de bikers polos concellos de Sarria e Láncara. Será unha curta de 35 kms cun desnivel de 700+; e unha longa, cunha distancia de 55 kms e un desnivel de 1500+. En ambas rutas contarase con bolsa do corredor, avituallamentos sólidos/líquidos, ambulancia, voluntarios sinalizando os cruces e, ao remate, haberá pinchos para todos con algunha sorpresa.



A ruta infantil será polos arredores de Sarria, totalmente cha e sen dificultades, orientada aos máis cativos, entre 1 e 16 anos, aínda que os menores de 14 anos deberán ir acompañados por un adulto.

A ruta, que neste caso será ás 11.00

horas, terá dúas distancias: unha longa de 8 km, na que recomentan andar con fluidez e que participen nela os maiores de 7 anos; e unha ruta curta de 4 km.

Ao remate das rutas desenvolverase unha xincana de obstáculos.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

AS RODAS

NUEVA GERENCIA

MENU

ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Menú diario 12,50€
Menú fin de semana 15€

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Churrasco siempre incluido en el menú

Celebración de eventos / Habitaciones

Tels. reservas: 634 494 540 / 982 546 749

Lugar Valiña 7, Sarria

Poñen en valor Sarria no I Open do Camiño Vila de Sarria

Álex Losada, promotor da AC Taekwondo Sarria, e o Concello organizan este evento deportivo, que se desenvolverá o vindeiro 9 de novembro

A Escola de Taekwondo de Sarria xunto co Concello de Sarria organizan a primeira competición de taekwondo relacionada co Camiño de Santiago baixo o nome de I Open do Camiño vila de Sarria. Álex Losada, competidor de taekwondo recoñecido a nivel internacional, que está á cabeza da AC Taekwondo Sarria, sostén que se está a traballar “moito e con moitas ganas para que saia ben esta competición”.

Así, coa axuda dos pais e nais dos nenos e nenas que forman parte da escola de taekwondo e do Concello de Sarria, o vindeiro sábado, 9 de novembro, o

xa que asume unha parte económica importante conxuntamente coa escola para poder desenvolver este evento que será un evento deportivo que atraerá moitísimas persoas a Sarria durante esa fin de semana”, argumenta Losada.

Desta maneira, explica, os obxectivos desta iniciativa son dar a coñecer o taekwondo en Sarria, así como dar a coñecer o Camiño de Santiago aos deportistas profesionais que virán participar nela, xa que é “unha competición orientada á formación e desenvolvemento de competidores, desde os máis peque-

comezará ás 09.00 horas e rematará, dependendo da participación, a última hora da tarde, os nenos, rapaces e adultos que participen non estarán divididos por idades e categorías, senón que competirán contra persoas que leven o mesmo tempo que eles competindo, “favorecendo

“O campionato servirá para poñer en valor non só o taekwondo, senón tamén Sarria e o Camiño de Santiago, fomentando que a xente coñeza a vila”

a aprendizaxe e a competición xusta entre eles e tamén un carácter lúdico, para que os nenos se divirtan formándose”, sostén o adestrador.

Desta maneira, explica, “presentamos un formato de competición de 1 contra 1 cun sistema de bandeiras, polo que os árbitros deciden que bandeira-neno gaña cada enfrontamento. Intentaremos que sexa unha competición entreteida e que o público disfrute do evento xunto cos profesionais”.

Ademais, destaca que a categoría de júnior (15-17 anos) e de sé-



nior (18-30 anos) de alto nivel, na que se espera a participación de profesionais do taekwondo que sexan campións de España, medallistas... “Eu, ao estar competindo a nivel internacional, teño moitos contactos e quero traer competidores de moito nivel para que fagan unha demostración do nivel ao que se pode chegar; é dicir, mostrarse a evolución desde os máis pequenos ata os profesionais máis maiores”. Isto, explica, encádrase no marco de que o 30 de novembro, tres semanas despois da celebración do evento, terá lugar o Mundial de Hong Kong, no que participará Álex Losada, promotor do evento.

FOMENTAR A PARTICIPACIÓN.

Álex Losada di que desde o club se mandarán invitacións a clubs de Galicia e de fóra de Galicia, xa que a intención é que o campionato teña unha participación moi alta. Desde o propio club de Sarria irán arredor de 60 participantes, do club Neka de Monforte tamén... Non pode dar cifras exactas, pero o adestrador espera alcanzar a

cifra que manexa a Federación Galega de Taekwondo cando celebra a Copa Xunta de Galicia en fase autonómica, na que adoitan chegar ás 500 persoas participantes. “Se nós puidéramos chegar a esas cifras, sería increíble”, recoñece.

Ademais, destaca que este evento servirá para poñer en valor non só o taekwondo e o deporte, senón tamén poñer no mapa Sarria, “que a xente doutros lugares teña esta cita marcada no calendario cada ano e veña visitar esta vila e coñeza o que ofrece e a súa relación do Camiño de Santiago. E que, se un día queren facelo, se animen a facelo”, destaca.

Isto tamén promove a creación de emprego e a mellorar a economía da vila, xa que virá xente de lonxe e quedarán a fin de semana coñecendo a vila, consumindo nos restaurantes e bares e aloxándose nos hoteis da vila. “Xa que o Concello e as súas xentes se involucran para facer isto posible, nós tamén queremos ser agradecidos e que reciban algo a cambio e toda Sarria se beneficie”, conclúe Álex.



pavillón José Mario González do Chanto acollerá a iniciativa.

“Quero agradecer a implicación e disposición do Goberno local,

nos de 5 anos ata os maiores de 16”, destaca.

IMPORTANCIA DO EVENTO. Durante o evento deportivo, que

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

***SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, bajo · 27600 · Sarria · Lugo

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Igrexa de San Mariño do Real de Samos

Para chegar ao templo, hai que percorrer a LU-633, unha estrada que une o Concello de Samos co de Triacastela

A Igrexa de San Mariño do Real de Samos atópase a 2 quilómetros da capitalidade municipal e chégase ao templo a través da LU-633, que une Samos co Concello de Triacastela, polo que forma parte do Camiño Francés que se percorre ata Compostela. Concretamente, atópase descendendo por un camiño que vai cara ao río Sarria.

A igrexa, de orixe románica e cuxa orixe data de finais do século XII, está feita en cachotería de louseño e destaca pola súa pouca ornamentación, xa que non hai case decoración, só aparecen algúns carneiros, cabezas de cabalos, figuras humanas e motivos xeométricos na cornixa. Pola súa parte, a nave está composta por unha única nave rectangular, cun cabido á entrada e unha ábsida de tramo recto que ten unha testeira redonda con arco dobrado e irregular que descansa sobre un muro de división semicircular. Á súa vez, a ábsida está dividida en tres tramos de pilastras de pouco resalte.

Ademais, vense tres vans ou ocos de luz no hemiciclo, con derrame interior e arco de medio punto sen decoración pero cun plinto a cada lado, sendo o apoio das columnas. Nos vans norte e sur o arco pecha os seus extremos e na ventá central aparece pintada a doela e cruces pintadas, mentres que no arco menor aparecen símbolos de soles con raios.

No vano meridional consérvase un resto da doela da moldura en granito e a ambos lados do

tramorecto ábrese dous nichos pequenos con arco de medio punto. Así, nas ventás da ábsida percorre a cabeceira unha moldura de listel. Ademais, no muro da ábsida hai restos de pinturas nas que se aprecia a figura dun cazador con expresión de martirio.

Con respecto á fachada principal, este é lisa cunha ventá no centro realizada tamén en cachotería de lousa, mentres que a cuberta está a dúas augas, realizada tamén con lousas. Pola súa parte, o muro do tambor é cego, e nos costados laterais da nave ábrese seteiras con arco tendente á ferradura.

Con todo, o arco triunfal que se abre na testeira é un sinxelo e estreito arco de medio punto, deformado polo uso do perpiaño. Trátase dun arco de medio punto de liña irregular que descansa sobre o muro a través dunha imposta axadrezado que se prolonga pola anchura do muro da testeira, sen chegar a exceder o cóbado. A estrutura está pintada simulando os bordes das doelas e dos perpiaños. Hai dous ocos sobre as impostas como resto do apoio para un peche do espazo presbiteral. Sobre o arco triunfal ábrese un van con derrame interior e deseño cadrado, debido á confluencia coa cuberta.

MÁIS ELEMENTOS DO TEMPLO. Pola súa banda, o interior da nave móstrase como un espazo de gran altura, cuberta con madeira a dúas augas sobre tirantes e dúas ventás achegan luz por cada lado. Con derrame interior,



do mesmo xeito que nos absidais norte e sur, trátase dun arco de medio punto retranqueado dobre arco de medio punto que pecha un pouco as súas marxes finais.

No muro norte atopamos un arco de medio punto, a modo de nicho, onde se encaixa o confesionario. Aos pés da igrexa a pila de auga bendita apóiase sobre unha base ática con garras. No interior da igrexa, destacan as pinturas ao fresco.

No exterior, as reformas aprécianse no oeste, cuberto polo cabido, que non corresponde ao orixinal románico. Dúas estreitas ventás rachan os muros laterais, sen decoración, co borde superior en arco de medio punto.

Ademais, hai ménsulas con moi

diversa decoración sosteñen unha acubilla en listel no lado meridional da nave, mentres que no resto do edificio soporitan directamente o tellado.

Dúas pezas son visibles desde a sancristía pola instalación dun cristal no teito. Neste lado sur tamén aparecen no alto do paramento, baixo as ménsulas, seccións dunha moldura en listel.

No muro norte a porta que corresponde co nicho do confesionario está alintelada e carece de ornamentación. No pinche da testeira ábrese, aproveitando a diferenza de altura entre nave e cabeceira, un van rectangular.

A ábsida, pola súa banda, divídese en cinco tramos por medio da construción de catro contrafortes de aresta viva. Aquí o tellado,

debido ás reformas que provocaron o cambio de cuberta, apóiase directamente nas ménsulas, que son de similares características ás da nave.

Estes contrafortes e a altura dos muros poderían indicar que no proxecto orixinal a cuberta sería abovedada e que non se conserva, pois os beirados parecen ser obxecto de reformas.

Con respecto á historia desta construción, existe a lenda de que en San Mariño houbo un mosteiro baixo a advocación de San Esteban e San Martín nos tempos do rei Fruela I, o Cruel, rei de Oviedo de 757 a 768, que favoreceu o repoboamento a beiras do río Sarria e restaurou o Mosteiro de Samos, ao que foi anexionado en 822.

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es